O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP). No período 2018-2020 as entidades locais non poderán incorrer nunha situación de necesidade de financiamento, polo que a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo, isto e, os ingresos dos capítulos 1 a 7 do Orzamento de ingresos deben de ser suficientes para financiar a totalidade dos gastos dos capítulos 1 a 7 do Orzamento de gastos.

Pola súa parte, conforme ao disposto no artigo 12 da LOEOSF, a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos. Así, o gasto computable estará formado polos empregos non financeiros (capítulos 1 a 7 do Orzamento de gastos) definidos en termos SEC-10 (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Deste xeito, os gastos do exercicio dos capítulos I a VII do estado de gastos que se financian co Remanente de Tesourería (RT), xa sexa dispoñible para o financiamento de gastos xerais, xa sexa para gastos con financiamento afectado, xeran, en todo caso, déficit en contabilidade nacional polo seu importe, xa que o RT é considerado como un activo financeiro e, polo tanto, clasifícase no concepto 870 do capítulo VIII da clasificación económica de ingresos da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. De igual modo, tales gastos teñen, inicialmente, a consideración de gasto computable aos efectos do cálculo da regra de gasto, coa excepción dos gastos en inversións financeiramente sustentables, expresamente excluídos de tal consideración pola D.A 6ª punto 4º da LOEOSF.

Por tal motivo, a aprobación do presente expediente suporá, en principio, o incremento do gasto computable aos efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto no presente exercicio por un importe de 4 millóns de euros, correspondentes á parte da modificación que non financia IFS, así como a xeración dun déficit en contabilidade nacional nos exercicios 2018-2019 en función das prestacións realmente executadas, importe que dependerá do prezo das ofertas presentadas polos contratistas que resulten adxudicatarios, e que pode resumirse de forma aproximada no cadro seguinte:

	2018	2019	2020	Total
Impacto na regra de gasto	4.000.000,00 ¹	0,00	0,00	4.000.000,00
Impacto na estabilidade orzam.	8.000.000,00 ²	8.580.000,00 ³	0,00	16.580.000,00

En calquera caso, ao tratarse dunha modificación de crédito financiada con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, consonte ao disposto no artigo 21.1 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, estas circunstancias serán examinadas, caso por caso, por esta Intervención, no momento no que se proceda á avaliación do cumprimento das regras fiscais con motivo da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2018.

En calquera caso, como temos dito, o expediente inclúe unha memoria económica contendo unha proxección dos efectos orzamentarios e económicos no período 2018-2021, na que ponse de manifesto que os investimentos proxectados non van a supoñer unha carga adicional de gasto non financeiro para os orzamentos futuros, concluíndo que durante o citado período a liquidación dos orzamentos municipais permitirán cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

Agora ben, o cumprimento das referidas regras fiscais baseáse nas hipóteses de que a indemnización pola liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio Pazo de Congressos e zonas complementarias na

1 Importe da modificación non financiada co superávit do ano 2017.

2 Importe da modificación orzamentaria que se corresponde co gasto para financiar parcialmente o importe da indemnización pola liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo.

3 Importe da modificación orzamentaria destinado a financiar investimentos financeiramente sustentables, logo de aplicar unha baixa media na adxudicación dos contratos dun 22%, tendo en conta que a totalidade das obrigas correspondentes recoñeceranse no ano 2019.

Avda. De Beiramar, en Vigo, subscrito coa entidade Pazo de Congresos de Vigo, S.A.⁴, ascenderá a un importe aproximado duns 35 millóns de euros, e de que no presente exercicio producírase o alleamento de determinados bens patrimoniais do Concello de Vigo por un importe de 28 millóns de euros aproximadamente. Descoñece esta Intervención o método de cálculo empregado para a determinación dos importes considerados.

Deste xeito, dos 35 millóns da referida liquidación, 4 serían financiados con cargo ao superávit 2017, non computando, polo tanto, a efectos da aplicación da regra de gasto, aínda que sí a efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e os 31 millóns restantes con outros recursos, que sí computarían tanto a efectos da aplicación da regra de gasto como do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Con todo, o Sistema Europeo de Contas (SEC) considera o investimento dunha unidade pública como un gasto non financeiro que debe valorarse pola diferenza entre as adquisicións (a prezo de compra ou custo de produción) e os alleamentos (a prezo de venda) dos activos fixos, materiais e inmateriais, realizadas no exercicio, razón pola que deberán considerarse como menores empregos non financeiros e, en consecuencia, realizar axustes de menor gasto a efectos da aplicación da regra de gasto, os dereitos recoñecidos por alleamento de terreos e investimentos reais recollidos no capítulo 6 do Orzamento de ingresos, salvo cando se trate de dereitos recoñecidos do citado capítulo procedentes de operacións de natureza urbanística (cotas de urbanización, aproveitamentos urbanísticos...) ou de reintegros por operacións de capital.

Por este motivo, no exercicio 2018 considerarase menor emprego non financeiro a efectos da aplicación da regra de gasto, o importe dos dereitos recoñecidos por alleamento de terreos e investimentos reais recollidos no capítulo 6 do Orzamento de ingresos, razón pola que nas proxeccións do informe económico incorporado ao expediente realízase un axuste de menor gasto no exercicio 2018 por importe de 28 millóns de euros polo concepto “por enaxenación inmobles”, permitindo o cumprimento da regra de gasto cun marxe sobre o gasto máximo admisible por aplicación da citada regra duns 1,2 millóns de euros.

En definitiva, calquera alteración das premisas consideradas, isto é, que o importe da indemnización pola liquidación do contrato do Auditorio finalmente fora superior aos 35 millóns considerados, ou que o produto do alleamento de determinados bens patrimoniais do Concello de Vigo fora inferior aos 28 millóns de euros, terá un efecto inmediato sobre o importe dos empregos non financeiros a efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, coas consecuencias previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (artigo 21) para os casos de incumprimento da referida regra fiscal.

VIII.- Conclusións.

4 Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016 Sección V Convenio, no que se abriu a fase de liquidación de dito concurso, declárase disolta a concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursais (obrigacionais e crediticios no patrimonio da concursada) dende dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006. Dito Auto dispón o cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

Tendo en conta que o Concello de Vigo presentou na liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2017 superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería para gastos xerais positivo e por importe superior, así como un nivel de débeda pública inferior ao límite a partir do que está prohibido o recurso ao endebedamento e un período medio de pago a provedores que non supera o prazo máximo de pago establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, pode destinar o seu superávit para financiar investimentos financeiramente sustentables conforme ao disposto na disposición adicional sexta da LOEPSF, introducida mediante a Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

O gasto nestes investimentos non computa a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da LOEPSF, aínda que si a efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Non resulta necesaria a autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente no ano 2018, a parte restante do gasto autorizado en 2018 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2019 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2018 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante, e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2019. Con todo, a aprobación, polo órgano de contratación, de todos e cada un dos expedientes de contratación, dispoñendo a apertura dos procedementos de adxudicación, deberase realizar antes da finalización do exercicio 2018.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao Pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

O expediente inclúe unha memoria económica contendo unha proxección dos efectos orzamentarios e económicos no período 2018-2021, na que considera que, baixo as premisas consideradas en relación co importe da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos e o alleamento de determinados bens patrimoniais, a liquidación dos orzamentos municipais no citado período cumprirán os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, e a regra de gasto. Calquera alteración ou asincronía na determinación destas premisas suporá unha modificación do importe dos empregos non financeiros a efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, coas consecuencias previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (artigo 21) para os casos de incumprimento da referida regra fiscal.

Por canto antecede, esta Intervención informa favorablemente a proposta contida no expediente 54-142, relativo aos investimentos financeiramente sustentables a financiar co RTGX."

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 14.06.2018,

presta conformidade a dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de data 20.06.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para aprobar inicialmente este crédito extraordinario co que queremos trasladar á cidadanía o superávit obtido na execución do Orzamento 2017, o superávit obtido coa execución das contas públicas do ano 2017, trasladando ese superávit a investimentos que melloren as condicións de vida dos cidadáns que viven nesta cidade, e polo tanto, no conxunto da cidadanía que vive, traballa, que vive nesta cidade de Vigo e evidente que temos superávit tanto no Concello, na entidade, como nos estados consolidados, incluíndo a Xerencia Municipal de Urbanismo, polo tanto ese importe de superávit é o que adicamos a novas investimentos na cidade.

Hai que dicir tamén que esta posibilidade de aplicar o superávit foi un éxito acadado polo Alcalde de Vigo, polo presidente da FEMP, o Sr. Abel Caballero cando co anterior ministro de Facenda conseguiu pactar un decreto lei que permitise precisamente que aquelas entidades locais que tivesen superávit, que non son todas, polo tanto, non tódolos contorna concellos de Vigo teñen superávit e polo tanto poden investir, Vigo si ten ese superávit pero digo que foi un éxito da negociación emprendida polo presidente da FEMP, o Alcalde de Vigo, co entón Ministro Sr. Montoro para que precisamente eses importes do superávit se puidesen adicar a investimentos que mellorasen as condicións de vida da cidadanía, ampliando aqueles ámbitos tamén nos que se podían aplicar o superávit e tamén ampliando a contía que non precisaba de autorización do ministerio para facer ese investimento do superávit, polo tanto, dobre noticia boa para Vigo porque o Alcalde de Vigo ten peso político específico no contexto de España e boa noticia tamén porque Vigo inviste ese superávit que amosa que temos unhas finanzas públicas sólidas e que somos capaces de facer unha boa xestión

orzamentaria, financeira e acompañada cunha boa calidade dos servizos de atención á cidadanía, así o reflicte o último dato do observatorio dos servizos públicos urbanos, que coloca a Vigo como unha das cidades de España mellor xestionadas e saneadas do contexto do Estado.

O que pretendemos polo tanto é continuar nesa tarefa de deseñar o Vigo do futuro, a cidade que viviremos e vivirán os nosos fillos e os nosos netos e que gozarán tamén os nosos pais e os nosos avós porque estamos traballando para a cidade con este novo paquete de investimentos que se adican a mellorar, como dicía, as condicións de vida da cidadanía. Paquete de investimentos que ven marcado polas humanizacións en primeiro lugar, pola continuación da humanización da rúa García Barbón a partires de Serafín Avendaño e tamén coa continuación de distintas fases de humanizacións anteriores, a fase tres na rúa Gregorio Espiño que xa conta cunha nova fase de humanización, con máis de 1 millóns de euros, 1,4 millóns de euros para esta fase tres e tamén continuamos esa fase de humanización doutras arterias principais da cidade que é a rúa Aragón, xa neste caso coa fase 5, e a que adicamos máis de 1 millón de euros, pero ademais destas arterias principais da cidade, rúas principais continuando con esa actuación de humanización, hai que lembrar que levamos máis de 150 rúas humanizadas só nesta lexislatura, polo tanto, levamos un bo número de rúas humanizadas e continuamos con este superávit humanizando arterias importantes como son a rúa Camelias entre a rúa Juan Ramón Jiménez e Hispanidade, con 2,1 millóns de euros e tamén outras rúas como a rúa Coutadas, pero con actuacións tamén significativas para a cidade como son a integración na vía urbana da Vía Verde dende Chapela ata Urzaiz, esa vía que ocupaban as vías do tren e que a partires de agora será unha senda verde que permitirá o goce por parte dos cidadáns, así que constituirá un espazo de máis de 18.000 metros cadrados para o uso da cidadanía, é un modelo de integración da cidade. E tamén coa humanización significativa da praza América, permitindo unha mellor circulación dos vehículos pero sobre todo que as persoas poidan gozar dunha praza significativa da cidade como é a praza de América con esa escultura de Silveiro Rivas que simboliza a porta de América, tantos os que veñen como os que saían cara América dende Vigo, como non polos parques infantís de Xenaro de la Fuente, Maruja Mallo e Bouzas que permitirán que os nenos/as desta cidade gocen de novos parques temáticos na cidade para gozar dos seus momentos de

lecer e para ser un punto de encontro obrigado para os mozos.

E como non, adicando tamén recursos ao que non fai a Xunta de Galicia, á cubrición de patios de colexios, como o colexio Canicouva e o patio do colexio García Barbón que se unen aos patios que xa estamos a cubrir dende o Concello, o patio do Rocío, o patio do Carballal, con recursos exclusivamente municipais.

SR. PÉREZ CORREA: Parece que estamos a falar exclusivamente da cuestión do superávit e parece que estamos a falar nun contexto exactamente igual que os exercicios anteriores ou que estamos falando exclusivamente do que, imos falar en prata, do que o Concello deixa de executar en partidas anteriores pero neste expediente hai bastante máis que un emprego continuísta das cuestións que este Concello leva argumentado para utilizar gran parte dos recursos non executados na cuestión das humanización neste expediente hai partidas importantes e hai un contexto político diferente que a nós nos gustaría clarear, en primeiro lugar porque aquí non se pon enriba da mesa só unha partida do superávit do 2017 para empregalo en usos continuístas, aquí tamén e neste expediente figura, hai partida do Remanente de Tesourería de 4 millóns de euros que se vai a comezar, digamos é a pequena achega pero que vai a ser multimillonaria que se vai comezar a poñer enriba da mesa dos recursos propios do Concello para tapar as vergoñas dunha concesión e dun proceso que debería ter auditoría pública como foi o Auditorio Mar de Vigo, pero para centrarnos antes de nada no superávit parece que non pasou nada nos últimos meses, eu quero lembrar que foi o Alcalde de Vigo presidente da FEMP o que anunciou a bombo e pratillo que se ampliaban eses supostos investimentos financeiramente sostibles que se abría o abano para poder empregar os recursos do superávit en novas infraestruturas, dotacións e novos empregos e parece ser que este Concello é precisamente o Concello que menos aproveita esa demanda histórica de tódolos alcaldes do Estado español que é poder utilizar o superávit en máis cousas que en humanizacións e en máis cousas que ir tapando a débeda pública ou o pago a provedores e o digo porque en 15 millóns de euros non pode haber para nós 8 millóns de euros outra vez na cuestión manida das humanizacións porque se efectivamente dentro da obra pública só puidéramos empregar nisto, e non puidéramos empregalo por exemplo, en mellorar a rede de abastecemento que nesta cidade é absolutamente deficitaria e

podería ser unha prioridade antes que poñer unha rúa exclusivamente fermosa no sentido estético e non na dotación e na infraestrutura que necesita, poderíamos discutir para que se fai unha rolda de prensa dicindo que é unha vitoria dos alcaldes poder utilizar o superávit en instalacións deportivas, vostedes teñen unha pista de atletismo absolutamente escandaloso o seu estado en Balaídos, na que vostede non queren empregar absolutamente nada, xa é un perigo para os poucos deportistas de elite que por desgracia temos en Vigo, vostedes poderían empregar o superávit en dotacións escolares, en creación de centros docentes de ensinanza infantil e primaria asumindo ademais aí a negligencia da Xunta de Galicia que non quere dotar a Vigo de determinadas prazas de educación infantil e que poderían perfectamente os concellos, algúns deles xa o están a facer co superávit do 2017, construíndo escolas municipais para paliar o déficit deste tipo de infraestruturas por parte da administración autonómica e hai unha serie de novos empregos, incluído ademais, por primeira vez algo que demandábamos os concellos de todo o país, a asistencia social primaria, por primeira vez podían utilizar o superávit en asistencia social primaria, non queren e non estamos a falar do que a min me gusta máis como cargo institucional ou me gusta menos, senón de cales son as prioridades dunha cidade, se vostedes entenden que a colocación de bancos, macetas e farois está por enriba desas cuestións que estamos a poñer por enriba da mesa, pois seguramente temos un concepto do que é progresismo bastante diferente. E logo aquí se inclúen xa por primeira vez dotacións económicas, ademais é unha partida que nós discrepamos profundamente, rescatar ao Auditorio Mar de Vigo en base a unha partida que se chama “equipamentos culturais en museos” cando realmente o que estamos a facer é rescatando un baleiro no que vostedes foron deixando bastantes anos recursos públicos sen ningún tipo de auditoría pública, encima dicindo o propio concelleiro de Facenda que “non está na miña man valorar a xestión da concesionaria”, home, pois si estaba na súa man porque agora é vostede o que vai ter que ir asinando todos e cada un deses, en principio, trinta e pico millóns de euros que imos ter que poñer para tapar esas vergoñas.

Nós estamos en contra destes empregos, e estamos en contra ademais xustificadamente porque por fin había un logro, e o digo así abertamente, por fin había un logro da Federación Española de Municipios e Provincias con respecto ás

políticas neoliberais do Partido Popular, de poder utilizar o superávit en cuestións de dotacións culturais, educativas e de asistencia social primaria, vostedes seguen pensando nas eleccións do 2019 para ter cousas que inaugurar no último tramo de lexislatura, nós imos votar obviamente en contra desta modificación.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En primeiro lugar dicir que xa a propia incorporación da utilización deste superávit o que reflicte é unha mala xestión porque o superávit provén nada máis e nada menos que da falla de execución histórica que teñen vostedes en este Concello, dos cartos dos vigueses que pagan os impostos máis altos de Galicia, que non son vostedes capaces de gastar no ano corrente e polo tanto teñen que volver a incorporalo no ano seguinte para facer o que a vostedes máis lles gusta, e é vender dúas, tres, catro veces o mesmo, é exactamente marca da casa, polo tanto, o primeiro, isto reflicte e é o perfecto exemplo da súa mala xestión, por certo hai algúns investimentos e algunhas actuacións que van facer aí que os veciños de Serafín Avendaño contentos estarán co están vostedes a facer coa humanización de Serafín Avendaño. En fin, eu creo o superávit se pode utilizar en cousas moito máis importantes, eu pediría Presidente que me parara o tempo porque me están a interromper do grupo municipal do Partido Socialista, estou no uso da palabra, xa sei que está vostede no seu pedestal, e que non entende que haxa oposición o que poida haber opinións en contra Sr. Presidente, pero teño dereito a miña intervención.

Como vostedes están moi nerviosos e só se lles ve o día do Pleno imos a centrarnos no que nos ocupa, xa vimos o talante do Presidente, pois ben, o expediente estrela deste superávit, ese que vostedes intentan vender unha vez máis a tódolos vigueses, esconde aí agazapado un comenzo de indemnización de 8 millóns de euros para o Auditorio do Mar de Vigo, 8 millóns de euros que comezamos a pagar e seguiremos pagando. A historia do Auditorio do Mar de Vigo Sr. Alcalde, xa que vostede quere ignorar a esta voceira do grupo municipal que é o que está vostede a facer, e que nos levou a quebra ten un único responsable, que ten nome e apelidos e é vostede, Sr. Alcalde, o Sr. Abel Caballero levou á quebra do Auditorio de Mar de Vigo, pero hai algo moito peor que iso, moito peor, que é negar o problema ano tras ano, tras ano, once anos negando o problema, once anos incrementando ese problema cando advertímolos dende o Partido

Popular o Sr. Font dicía que estabamos a contar unha película, pois si ao final a película era a súa, señores do goberno municipal, pero unha película de terror, que se vai pagar con cargo aos cartos dos vigueses e ao patrimonio de tódolos vigueses e de tódalas viguesas, vergoña lles tiña que dar, a agora pretenden facernos crer que vai a ser a prezo de ganga, é un verdadeiro escándalo, con cargo ao patrimonio e aos petos de tódolos vigueses, deberíalle darlles vergoña de enganar aos vigueses Sr. Alcalde, porque vostede lles estivo enganando, primeiro, negando o que ía pasar, que era a quebra, despois cando veu a quebra dixo que o custe era cero, despois rectificou e dixo que eran 5 millóns, despois rectificou outra vez e dixo que non, que estaban en 35 millóns e que era un choio pouco menos, 35 millóns de euros a cargo do patrimonio e cartos dos vigueses, un choio, pero de que está vostedes a falar, non, vostedes recoñecen que son 74 millóns de euros que están a negociar para pagar a 35, as contas están moi clara, aínda que vostedes queiran ocultalas, 74 millóns de euros que están vostedes negociando para que se quede en 35 Sr. Regades, se quere lle ensino matemáticas e contabilidade orzamentaria, non teño ningún problema en ensinar, tamén lle ensino ao Sr. Aneiros que as contas non lle dan, teño tempo e paciencia suficiente para que me entendan, igual que teño tempo e paciencia suficiente para que o Sr. Alcalde, pedirlle ata a saciedade que lle diga aos vigueses a verdade, que dea a información que lle pedimos, que presente os informes que cuantifica o que quere vender do patrimonio de Vigo, queremos saber canto, queremos saber que, non contan absolutamente nada, toda a información é a través da prensa, ningún documento oficial, o propio Interventor fala de hipóteses e de que descoñece como se chegan a eses importes, xa basta de mentiras neste tema Sr. Alcalde, basta de mentiras, cóntelles aos vigueses/as toda a verdade porque eles o merecen. Probablemente cree que o grupo municipal do Partido Popular non merece nada porque o seu índice democrático está polo chan, pero os vigueses si que o merecen.

PRESIDENCIA: De momento deixarlle máis tempo do que lle correspondía.

SR. ANEIROS PEREIRA: Algo en común debe de ter esa bancada de enfronte cando tanto o grupo de Marea de Vigo como o grupo do Partido Popular van en contra dos

intereses da cidade, algo en común debe de ter esa bancada cando a voceira do Partido Popular parece máis preocupada de falar para unha cámara que a gravarán e a verán en Santiago de Compostela que é onde lle interesa que a defendan, ou en Mos, ou en Redondela e non fala claro para as viguesas/es. Miren, o superávit non é unha mala xestión, parece vostede que estamos aquí vendendo, o superávit é unha cuestión que amosa a boa situación financeira do Concello de Vigo, a boa xestión porque o superávit ven Sra. Muñoz se vostede non o sabe por exemplo, das baixas en contratos, do aforro ordinario que se fai na execución do orzamento, de aí ven o superávit Sra. Muñoz, e como vostede debería saber, dígoo en condicional, unha cousa é o superávit, é dicir, o resultado positivo dunha exercicio e outra cousa é o remanente pero parece que vostede estudou nesa universidade tamén é certo que os do Partido Popular están máis preocupados en inflar curriculum, en ser aparentemente transparentes pero son os da caixa B, os das auditoría de mera compracencia para xustificar a fusión das caixas de aforro, son eses, os do Partido Popular. Nós temos unha boa xestión financeira e unha xestión transparente das contas públicas Sra. Muñoz, por iso adicamos unha boa parte dos recursos que conseguimos aforrar cunha boa xestión a cubrir as necesidades da cidadanía, e a cubrir as necesidades da cidadanía atopándonos cos “paus na roda” que nos pon a Xunta de Galicia, vostedes citaba Serafín Avendaño, estamos agardando aínda a que a Xunta de Galicia nos responda, e non quero falar doutra rúa na que estamos a esperar a que a Xunta de Galicia nos responda e non poña “paus na roda” do Concello de Vigo, que non impida pola vía de feito a execución dos orzamentos que queremos facer en beneficio dos cidadáns/ás desta cidade, Sra. Muñoz, non en beneficio seu nin en beneficio do que lle diga unha cámara para que o vexa o seu Presidente en Santiago de Compostela, ese que boicotea investimentos tamén en Vigo, ese que fai unha auditoría de mera compracencia para a fusión das caixas.

Miren, adicamos o superávit a satisfacer as necesidades da cidadanía, mire, Sr. Pérez Correa, estamos a renovar toda a cidade, coas humanizacións se transforma o abastecemento, a recollida de auga pluviais, residuais, se mellora a canalización de subministro de auga e de recollida, se melloran os puntos de luz, se mellora a accesibilidade da cidade, se melloran as condicións de vida especialmente das persoas maiores e das persoas que necesitan medidas de fomento de mobilidade

urbana sostible para moverse pola cidade, polo tanto, atendemos ás necesidades da cidadanía nun concello que ten a mellor política social de toda España, non vimos aos de Marea acollendo refuxiados do Aquarius, non os vimos Sr. Pérez Correa.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 29/2018, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 54/142 por unha contía de 19.000.000,00 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria xustificativa dos servizos xestores, no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data da sinatura electrónica que figura na Resolución e na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

A modificación orzamentaria financiarase cos seguintes recursos financeiros:

1.- Con cargo ao superávit SEC-2010, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente, por unha contía de 15.000.000,00 de euros.

2.- Con cargo ao RLTTG dispoñible por unha contía de 4.000.000,00 de euros.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2017.

Xestor	Programa	P. econ.	Proxecto	IFS de aplicación	Importe
Fomento	1532	6190070	18153270	H. G. Barbón entre S. Avendaño e R. Castor, marxen impar	512.138,13
Fomento	1532	6190071	18153271	Fase 3 humanización Gregorio Espino	1.412.001,94
Fomento	1532	6190072	18153272	Humanización fase 5 Rúa Aragón	1.033.308,31
Fomento	1532	6190073	18153273	H. Rúa Camelias entre J.R. Jimenez e Hispanidade	2.165.000,00
Fomento	1532	6190074	18153274	Humanización Rúa Coutadas	275.000,00
Fomento	1532	6190075	18153275	Integración Urbana vía verde dende Chapela a Urzaiz (fase I)	1.400.000,00
Electromec.	1650	6190070	18165070	Prog. rev. elementos iluminación viaria (eficiencia enerxética)	650.000,00
Fomento	1532	6190077	18153277	Humanización Praza de América	1.900.000,00
Parq. Xardíns	1710	6090070	18171070	Parque infantil en Rúa G., de la Fuente (Instituto Calvario)	500.000,00
Parq. Xardíns	1710	6090071	18171071	Parque infantil Praza de Maruja Mallo	400.000,00
Parq. Xardíns	1710	6090072	18171072	Parque en Bouzas	200.000,00
Educación	3230	6220070	18323070	Cubrición patio colexio Canicouva	277.551,62
Educación	3230	6220071	18323071	Cubrición patio colexio García Barbón	275.000,00
Patrimonio	9330	6220070	18933070	Indemnización por liquidación do contrato Pazo de Congresos	4.000.000,00
Total					15.000.000,00

- Empregos do RLTTG, Liquidación do Orzamento do ano 2017.

Xestor	Programa	P. econ.	Proxecto	IFS de aplicación	Importe
Patrimonio	9330	6220070	18933070	Indemnización por liquidación do contrato Pazo de Congresos	4.000.000,00

- Recursos financeiros

Concepto	Partida	Importe
Remanente de Tesourería para gastos xerais	87000	19.000.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 29/2018, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva,

procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar os expedientes de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 117 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 29/2018, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

SEXTO.- Conforme ao disposto no artigo 1 do RD-I 1/2018, que modifica o segundo parágrafo do apartado 5 da DA décimo sexta do TRLRFL, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente no ano 2018, a parte restante do gasto autorizado no 2018 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2019, financiándose con cargo ao remanente de tesourería da Liquidación Orzamentaria do ano 2018 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2019.

En consecuencia, esta norma constitúe unha excepción ao previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento para o ano 2018, na que se establece que as modificacións de créditos cualificadas como Créditos Extraordinarios, deben quedar ao peche do exercicio al menos en fase de compromiso de gasto.

En todo caso, os empregos financiados con superávit obtido da Liquidación do Orzamento do ano 2017, teñen que quedar en algunha das situacións de créditos seguintes:

Gasto autorizado. Gasto comprometido ou obriga recoñecida.

En canto ao gasto financiado co Remanente Líquido de Tesourería distinto do correspondente ao Superávit SEC, tamén deberá quedar asociado a unha fase de autorización do gasto, ou si houberse liquidación definitiva do contrato, xa se produciría o pagamento.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

3(99).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO AS ACCIÓNS OPORTUNAS QUE PERMITAN AOS CONCELLOS POR ONDE TRASCORRE A AP-9, RECLAMAR O PAGO ÍNTEGRO DO IBI POR PARTE DE AUDASA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1791/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2018, número 1791/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

“MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO AS ACCIÓNS OPORTUNAS PARA QUE AUDASA PAGUE INTEGRAMENTE O IBI.

En Galicia, a AP-9 é a única vía que non paga o 95% do IBI grazas ás bonificacións previstas na lei de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión aprobada en 1972, en pleno franquismo. O decreto do 17 de agosto de 1973 polo que se adjudicaba a concesión administrativa para a infraestrutura galega prevía que esta se beneficiase dos "beneficios" que figuraban no artigo doce da devandita lei e "ao longo do período concesional". Malia que a súa construción está máis que amortizada e a pesar dos millonarios beneficios que xera, a exención aí segue, aplicándose no nivel máximo de redución permitido pola lexislación daquela do réxime ditatorial.

Audasa é a concesionaria de autoestrada de todo o Estado que máis tarde rematará a súa explotación trala última prórroga de Aznar, estendendo a concesión ata os 75 anos, o máximo permitido. Audasa tamén e a concesionaria de autoestrada do Estado que está a dar o peor servizo mentres que é a que está obtendo unha maior marxe de beneficios.

A AP9 é a autoestrada de todo o Estado con máis reclamacións. A AP9 supón o 3% de usuarias/os da rede de autoestradas pero ten o 19% das reclamacións. Tamén é a que conta con menos persoal por Km, tres veces menos que a media despois de despedir a 150 persoas nos últimos tres anos. Por outra banda tamén é na AP9 ao seu paso pola provincia de Pontevedra onde se sitúa o punto con maior sinistralidade das autoestradas de todo o Estado.

Para ser a que está a dar o peor servizo de todas as autoestradas do Estado, é a que conta cunha maior marxe de beneficio sobre facturación. O 50% da facturación de Audasa é beneficio, cando a media das empresas do Estado se sitúa no 7%. Un balance propio dun monopolio que só se pode explicar dende unha suposta conivencia político-empresarial de quen utiliza as institucións para o seu beneficio privado.

Nos últimos 20 anos, dende 1997 a 2016, Audasa ten recadado 2344 millóns de euros en peaxes, unha cifra moi elevada pero que se queda pequena cando se analiza a marxe de beneficios. Dende o 2016 Audasa acumula 1900 millóns de euros antes de amortizacións, intereses e impostos, o resultado bruto de explotación de Audasa equivale ó 81% da facturación. Un de cada dos euros que as galegas e os galegos pagamos nas peaxes da AP9 é beneficio antes de impostos, e un de cada tres euros é beneficio neto para a empresa concesionaria.

Entre o 2011 e o 2015 o beneficio neto despois de impostos de Audasa pola xestión da AP9 foi de 186 millóns de euros, que adicaron integramente a retribuír aos seus accionistas, nada para melloras no servizo, nada para baixar a altísima sinistrabilidade laboral na provincia de Pontevedra, nada para manter os postos de traballo. No 2016 Audasa repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.

Incluso coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre, a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido nun 11,9%. Un negocio redondo á conta de galegos e galegas, e que se incrementará coa suba das peaxes anunciada para o próximo ano.

O certo é que a AP-9 segue a ser un exemplo da privatización dos beneficios e socialización das perdas, neste caso, en beneficio de Audasa.

Con estes datos, so unha conivencia político-empresarial pode xustificar que Audasa disfrute tamén dunha bonificación do 95% do IBI que ten que pagar ós concellos polos que transcorre, un privilexio co que non conta a maioría das empresas que operan no país, e que non ten ningún tipo de xustificación.

Este beneficio tributario do que goza Audasa é, en definitiva, un copago que asume inxustamente a veciñanza dos Concellos polos que atravesada a autoestrada.

No mes de xaneiro foi aprobada unha PNL no Parlamento de Galicia a proposta de En Marea na que se insta á Xunta de Galicia a apoiar ós Concellos polos que transcorre a AP9 nas actuacións que estas poidan levar a cabo para reclamar o cobro íntegro deste imposto que di o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a instar ao Goberno do Estado a facer as modificacións legislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95% no IBI e a apoiar aos concellos polos que transcorre a AP9 nas accións que poidan levar a cabo para reclamar a Audasa o pago íntegro deste IBI.”

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes

ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno do Estado a realizar as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9 reclamar o pago íntegro do IBI por parte de Audasa.

2.- O concello de Vigo elaborará os informes económicos e xurídicos pertinentes cara a levar a cabo dita reclamación.

2.- Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios no Congreso e no Parlamento Galego.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: A situación que temos con esta infraestrutura concesionada, xa non é nada novo o debate sobre as cuestións da peaxe, xa en anteriores Plenos discutimos e debatemos sobre a realidade e esa defensa a ultranza que fai o goberno do Partido Popular desa porta xiratoria que moitas veces se converteu Audasa, esa infraestrutura que non deixa de ser unha das grandes vergoñas e unha das grandes diferencias discriminatorias que Galicia ten co conxunto do Estado, volvemos outra vez a vivir, creo que foi onte ou antonte no Parlamento de Galicia un debate sobre a cuestión da transferencia, é certo que cada vez máis matizada coa cuestión do rescate, porque transferir un morto a Galicia mantendo o seu paquete accionarial, mantendo o capital privado que o xestiona, case preferimos que nos transfiran unha infraestrutura pública e por primeira vez hai unha discrepancia nas forzas políticas do Parlamento Galego, pero nós o que queremos traer aquí tamén é posicionarnos contra unha herdanza do franquismo, hai moitas herdanzas, algunhas por desgracia políticas, pero outras tamén administrativas e outras legais case nos estertores do franquismo en paralelo a

ese desenvolvemento desa lei de infraestruturas públicas, desa lei franquista que pretendía encher polos de desenvolvemento económico cunha serie de infraestruturas que os vertebraran, nesa altura, no ano 1972 se decide naquel momento, podería entenderse que era para beneficio do Estado pero se decide dar un 95% de bonificación no imposto de Bens Inmóveis á Autoestrada do Atlántico e no transcurso dos concellos polos que pasa a infraestrutura. Isto en teoría, dicimos en teoría, remataría coa concesión co primeiro tramo de finalización da concesión, porque xa sabemos que está prorrogado no 2023, é dicir, no 2023 deberíamos de ter a certeza de que vai a eliminarse esta bonificación, no caso do Concello de Vigo estamos a falar dunha media de 18.000 euros por quilómetro de autoestrada que pasa polo noso termo municipal e que xa está movendo a moitos concellos de Galicia, sobre todo en instancias europeas máis case os 23 concellos polos que transcorre a autoestrada pola provincia de A Coruña, xa foron á Unión Europea para dicir que esta bonificación é completamente inxusta e sería unha boa oportunidade que o Concello de Vigo como cidade referencial e cidade máis importante de Galicia tamén esixira dunha vez por todas o fin como digo, desta herdanza dunha lei franquista que moitas veces neste Concello temos vivido esas leis franquistas no que era a expropiación de montes, de bens e incluso de persoas particulares que moitas veces houbo que xuridicamente tombar nos xulgados a agora cremos que aplica a unha institución como é a Xunta de Galicia e ao goberno central que deberían tamén mover ficha para evitar este agravio comparativo. Esta moción o que se trataría era de poñernos xa, no peor dos casos, e que se pretenda tamén a medida que se vai decidindo como se fai a ampliación e a prorroga da concesión de Audasa que se inclúa por desgracia o aumento e polo tanto a prorroga desa exención do 95% do IBI, non vou dicir cales son os datos económicos de Audasa, están aquí enriba da mesa, os puxemos precisamente na introdución da moción, o que significa de beneficios, é unha das infraestruturas máis rendibles do estado español e para desgracia e sorpresa nosa non está na senda do novo goberno o rescate desta infraestrutura para devolvela ao conxunto dos galegos/as e prioriza outras infraestruturas que tamén foron acabando o seu período concesional e por desgracia imos os galegos/as que ter que seguir asumindo o custe brutal dunha infraestrutura xa amortizada dende hai moitos anos e que por desgracia introducimos máis de 300 millóns de euros nesa

amortización outorgando o sistema de financiamento público-privado para a ampliación de Rande e outras infraestruturas que se fixeron na contorna de A Coruña e Santiago de Compostela.

Polo tanto, nesta moción o que pedimos, en consoancia tamén con esa proposición non de lei que se aprobou no Parlamento de Galicia, que o Concello de Vigo inste ao goberno do Estado a facer as accións oportunas que permitan aos concellos por onde transcorre a AP-9, reclamar o pago íntegro do IBI, que fagamos nós, o Concello de Vigo, un informe económico e xurídico para levar a cabo dita reclamación, que se comeza xa traballar en previsión de que nos atopemos con que a partir do 2023 pretendan prorrogar esta bonificación e obviamente trasladar ao conxunto dos grupos parlamentarios do Congreso do Parlamento Galego esta iniciativa que consideramos que tería que liderar o Concello de Vigo porque entre outras cousas xurde por gran parte das infraestruturas mal feitas que ten Audasa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar dicirlle que estamos de acordo en eliminar este absurdo privilexio á concesionaria da autoestrada e por iso xa no Parlamento de Galicia aprobouse este ano e por unanimidade esta proposta que esixe cambios lexislativos para suprimir o 95 % de bonificación no IBI. Parécenos correcto que Audasa pague o IBI como tódolos vigueses que pagamos o IBI máis caro e máis alto de Galicia e parécenos correcto porque Vigo non ten porque perdoarlle impostos a quen non se porta coa cidade como nos merecemos, os vigueses pagan peaxe por utilizar a autoestrada e por iso a autoestrada debe pagarlle a Vigo os seus impostos, fallaría máis, pero do que estamos a falar é de peaxes e o dicimos dunha maneira moi clara, ao Partido Popular de Vigo non lle gustan as peaxes e moito menos cando son inxustos, a todos nos gustaría que non houbera que pagar a autoestrada pero con demagogia isto non se consegue. O Partido Socialista parece que esquece que a subida das peaxes é unha consecuencia directa do acordo asinado polo Sr. Blanco e o Sr. Zapatero con Audasa, para financiar a ampliación da autoestrada ao seu paso por Vigo, o Sr. Blanco, si, un exministro de Fomento que deberían declaralo persoa non grata en Vigo por ter decidido que o Porto de Vigo non sexa Nodal e que si o sexa o de A Coruña, e esta é a realidade aínda que lles doa, foi un goberno socialista quen perpetrou esta atraco aos vigueses, autorizar un aumento extraordinario de tarifas

que supoñen o IPC máis o 1% acumulativo por ano, durante 20 anos, IPC máis o 1% acumulativo ao ano durante 20 anos, un auténtico escándalo e vostedes estiveran calados, absolutamente calados, pero este escándalo da AP-9 non acaba aquí, aínda por enriba neste convenio que está reflectido no BOE do 24 de novembro do 2011, na cláusula sexta, aquí di “ademais de pagarlle a obra a Audasa, con esta peaxe os vigueses lle temos que pagar o 8% de intereses, co cal a Audasa hai que pagarlle 250 millóns mais o 8% de intereses, xa nos gustaría a calquera que teña algúns cartos no banco que lle pagaran esta rendibilidade, 8% a Audasa. E claro, as peaxes tamén subiron co bipartito e vostedes non dicían nada, mentres o goberno da Xunta de Galicia era do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, subían as peaxes un 15% e estiveron calados, pero neste debate o Partido Popular de Vigo quere ir un pouco máis alá, o Partido Popular estivo pedindo cousas cando gobernaba o Partido Popular, cousas nas que moitas veces estabamos de acordo, cando estaban na oposición vostedes non paraban de pedir e agora de repente quedáronse afónicos, que digo afónicos, quedáronse mudos totais, ou perplexos, porque os ministros ningún do Partido Socialista de Galicia o que lles sobra é a propaganda e a demagogia, e o que fallan son os feitos, xa lles avisabamos, Sr. Alcalde, non imos permitir e agora póño me serio, nin o máis mínimo atraso na chegada do AVE a Galicia, nin o máis mínimo atraso e niso deberíamos de estar unidos tódolos vigueses, non nos vale ningunha escusa para traer o AVE a Galicia a finais do ano que ven, tampouco imos permitir que haia máis atrasos na conexión directa do AVE a Vigo por Cerdedo, non o imos permitir Sr. Alcalde pero vostede falou de máis cousas, vostedes pediron a eliminación da AP-9 da peaxe ata Tui mentres non se fixera a alternativa 55, queremos que o sigan pedindo e que o consigan, vostedes solicitaron ata a saciedade e nós tamén a conversión en travesía urbana do tramo de entrada a Vigo do AVE, dende a Avenida Buenos Aires, esperemos que o Sr. Alcalde o consiga, vostede pediu o soterramento da VG-20 en Navia, esperemos que o consiga, esperamos que non se demore máis a supresión da peaxe de Redondela, e escoitamos ao Ministro de Fomento novo o Sr. José Luis Ábalos, falar de eliminar peaxes pero non falar de eliminar peaxes na AP-9, esa é a desgracia e vostedes calados, afónicos non, calados e mudos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Ver para crer, porque isto é increíble, pero na parte seria da moción Sr. Pérez Correa, xa lle adianto que imos votar a favor por varios motivos, en primeiro lugar, porque este goberno no ano 2009, xa reclamou xudicialmente o pago do IBI na concesión da autoestrada da AP-9, dende o ano 2009 este Alcalde o Sr. Caballero, leva reclamando o pago e a compensación pola falla de recadación que se produce no IBI neste caso, lamentablemente as sentenzas lle deron a razón a Audasa e a cuestión está pendente de que Bruselas decida nun sentido ou noutro, pero xa estábamos nisto e polo tanto ese é un dos motivos polo que votaremos a favor. Pero votaremos a favor tamén porque esta é unha bonificación do IBI inxusta, ven dunha lei franquista do ano 1972, dun decreto que asinou Franco no Pazo de Meirás no ano 1973, que lle permite a concesión da autoestrada do Atlántico, gozar desta bonificación do 95%, cando a autoestrada ten un valor catastral de máis de 40 millóns de euros na cidade de Vigo e paga escasamente 16.800 euros de IBI, polo tanto é unha cuestión que xa levamos tempo con ela, xa levamos tempo reclamando esta cuestión. Pero mire votaremos tamén a favor desta moción por outros moitos motivos, en primeiro lugar porque non somos iguais, cando goberna o Partido Socialista e o está amosando, se constrúen autoestradas libres de peaxe, pasou tamén en Galicia, cando o Goberno de Touriño construíu autovías na Barbarza, no Salnés, na Costa da Morte, Santiago Noia ou Ourense-Celanova sen peaxe e cando ven o Sr. Feijóo constrúe autoestradas de peaxe, os vigueses nos lembramos do que xustificaba o Sr. Feijóo na peaxe da autoestrada Vigo-Baiona, dicía que había alternativas, unha alternativa pola costa, unha autovía a Baiona e polo tanto a autoestrada podía pagar esa peaxe, podería existir esa autoestrada, non somos iguais, Sr. Fidalgo e a historia o amosa, non fale tanto para esa cámara senón que fale para a cidade, no ano 98 cando o Sr. Aznar era presidente do Goberno, ese que era militante do Partido Popular, agora parece que xa non é pero si, que quere volver, e o Sr. Feijóo, prorrogaron a concesión da autoestrada do Atlántico en época do Prestige, lémbrense dos fíos de plastelina, pois nesa época prorrogaron a concesión da autoestrada 25 anos máis, e máis tarde o ministro o Sr. Arias Salgado, tamén ministro do Sr. Aznar, prorrogou a concesión nada máis e nada menos que ata 2048, ese é legado do Partido Popular, unha autoestrada prorrogada, unha concesión prorrogada ata o 2048, Sr. Fidalgo teremos moitos anos vostede e máis eu para ver a finalización desa autoestrada

no ano 2048, herdanza do Partido Popular, o mesmo que é herdanza do Partido Popular, esa bonificación do 95% para a autoestrada do Atlántico que lle deixou Franco que mantivo o Sr. Aznar, o Sr. Arias Salgado, que mantén o Sr. Feijóo porque cando o Sr. Feijóo dicía que era unha boa noticia que a autoestrada volvese para Galicia pois o profeta “Nostra Feijóo”, non só prorrogou esa concesión 25 anos máis, naquel momento co Prestige, con aquel accidente que houbo na Ponte das Pías en Ferrol, que prorrogou 25 anos, senón que cando se vendeu esa autoestrada que era pública, cando se vendeu a autoestrada, a un grupo empresarial italiano o Sr. Feijóo, aplaudiu esa venda e non puxo nin unha soa condición nesa venda da autoestrada, é para tirarse dos pelos, a min xa non me quedan, é para tirarse dos cabelos, o Sr. Feijóo non fai máis que darnos desgustos, faino nas caixas, na autoestrada, faino agora cos atrasos no AVE, queríamos ver ao Sr. Feijóo ese que se arrima tanto á parede para dar un paso adiante en Madrid cos seus incluso, queríamolo ver demandando o AVE con tanta intensidade como está saíndo agora cando cambiou o goberno, porque iso é un xesto de covardía política, non é defender os intereses de Galicia, tiña moitas máis oportunidades de facer por Galicia o Sr. Feijóo antes das que ten agora, e o que fai agora e aparentemente defender Galicia, mire, non nos falen de fariseísmos políticos, non nos traten de enganar, non falen a esa cámara que o único obxectivo que ten é que os vexan en Santiago de Compostela, que vexan que cumpren as súas directrices, apoiem á cidade, apoiem aos cidadás/áns de Vigo señores do Partido Popular.

SR. PÉREZ CORREA: A nós, gustounos bastante a elipse temporal que fai o concelleiro de Facenda que entre o Sr. Franco e o Sr. Aznar non gobernou ninguén neste país e debe haber un baleiro absoluto, 14 anos de goberno socialista, creo que tiveron tamén capacidade de ter, así como nalgunhas outras cuestións avanzouse lexislativamente, cuestión de infraestruturas e cuestión de expropiacións feitas precisamente na época franquista, no anos 80 por exemplo, se consegue volver ao público os montes comunais que pola lei franquista acabaran expropiados dos seus propietarios, pois home, podería ter o Partido Socialista en 14 anos a deferencia de intentar evitar esta realidade, si é certo rigorosamente que a privatización da autoestrada do Atlántico pois é unha resolución política do Partido Popular e que forma parte desa maneira de engordar

as construtoras, Safir e moitas delas e logo convertelas en portas xiratorias, nós queremos centrarnos na cuestión do IBI porque creo que é unha parte substancial da reclamación que podemos facer, claro que se perdeu non só o Concello de Vigo senón os Concellos do norte da provincia de A Coruña, perderon xudicialmente esa batalla, o que estamos a pedir aquí un posicionamento político porque non queremos que nesa prórroga que entra a funcionar a partir do 2023 se inclúa tamén a prórroga desta bonificación e polo tanto cremos que hai que posicionando politicamente non só neste Pleno senón en máis Plenos, ao Parlamento de Galicia e tamén ao Congreso dos Deputados para evitar que se poida dar de maneira natural, así como se están prorrogando determinadas cuestións da infraestrutura que tamén se prorogue na cuestión da xestión, este feito. Culpables desa patente de curso absoluto que teñen os grupos económicos que dominan Audasa, culpables hai moitos, as prorrogas están compartidas pola UCD, polo Partido Socialista e polo Partido Popular, foi o ministro o Sr. José Blanco o que aumentou, para min incorporen as infraestruturas últimas feitas na AP-9, incorporalas ás amortizacións a 20 anos, incluso cunha progresión fixa do 1% de incremento das peaxes, independentemente do IPC, a maiores sumándolle o IPC, que foi unha decisión do ministro o Sr. José Blanco, paréceme igual de grave que propoñer unha prórroga como fixo no seu día o Partido Popular e como seguen defendendo, para mi son as mesmas cuestións, a cambio dunhas obras que deberíamos cando menos auditar e veríamos se realmente serviron para desconxestionar polo menos o tramo que entra en Rande, pero a cuestión que se trae aquí é que as administración públicas, os concellos e o resto de institucións, vaiámonos posicionando politicamente contra o modelo de xestión, a min non me parece ben que o novo goberno colla a herdanza de dicir que rescatar Audasa son 4.000 millóns de euros, nós dicimos que é falsa e nos gustaría que se abrixa ese debate tamén no novo goberno.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.06.2018 (Rex. Nº 1791/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(100).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A ESTABLECER UN CONVENIO ANUAL CO CONCELLO DE VIGO EN CONSIDERACIÓN Á CIDADE MÁIS IMPORTANTE DE GALICIA, EN EQUIVALENCIA AO CONVENIADO POR CONCEPTO DE CAPITALIDADE Á CIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA. REXISTRO PLENO 1792/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2018, número 1793/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A política de discriminación do Goberno de Nuñez de Feijoo coa cidade de Vigo maniféstase en moi distintas vertentes.

Promesas electorais incumpridas, unha vez pasadas as eleccións, desatención en temas de competencias exclusivas do goberno da Xunta, acordos e convenios con outras cidades que nun claro agravio comparativo non se articulan coa cidade de Vigo, etc.

Precisamente no trato que se outorga á cidade de Santiago de Compostela prodúcese desde a Xunta de Galicia unha clara discriminación coa cidade de Vigo.

En concreto, anualmente o goberno de Nuñez Feijoo asigna anualmente a Santiago de Compostela a cantidade de 2,3 en concepto de "capitalidade" mentres que en ningún momento contemplouse asinación similar para Vigo en concepto de "cidade máis importante de Galicia"

É xusto reivindicar unha igualdade de trato para Vigo, por ser unha zona de influencia de medio millón de habitantes e porque os impostos abonados por esta cidade multiplican por cinco os de Santiago, o que supón unha lóxica impecable de que esta cidade ten que estar atendida, polo menos, na mesma medida.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte

ACORDO:

-Ao Goberno da Xunta de Galicia a establecer un convenio anual co Concello de Vigo, polo menos por importe de 2,3 millóns de euros, en consideración a ser a cidade máis importante de Galicia en equivalencia ao conveniado por concepto de capitalidade.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Nesta moción imos defender o mesmo que sempre defendemos independentemente da cor política de cada un dos gobernos, á diferenza do espectáculo patético ao que acabamos de asistir no senso de que alguén que nunca reclamou algo que leva seis anos nun caixón se atreve a dicir que hai que facelo mañá, son moitas as probas de falla de atención do goberno da Xunta de Galicia coa cidade de Vigo, as discriminacións e os agravios comparativos son unha lista longa, diríamos que interminable pero porei tres exemplos moi significativos, hospital privado que afecta ao ámbito da sanidade, caixas de aforros que afectou gravemente á economía desta cidade e da súa contorna e aeroporto que afectou e tratou de pechalo dende o goberno galego ás infraestruturas, pero poderíamos falar de Cultura, de Política Social, de temas decisivos nos que non se atende a esta cidade, decisivos para este desenvolvemento, onde unha cidade como Vigo se xoga o seu futuro e é verdade que isto o perciben os vigueses/as e é certo que nos últimos anos o cambio sociolóxico máis importante que se produciu nesta cidade é o da autoestima, os vigueses/as tivemos e temos unha autoestima que pasou a formar parte da nosa expresión colectiva, de reivindicar o que nos pertence, como fan os demais, de non calarnos ante as inxustizas, isto algúns evidentemente non acertan a velo.

- O concepto de capitalidade está moi ben, nós non negamos ese apoio e con esta moción non tratamos de quitarlle nada a ninguén, nada mais lonxe da nosa pretensión pero si é certo que a cidade de Vigo comporta unha realidade territorial máis aló do que son os seus 300.000 habitantes, esta contorna é de 500.000 habitantes no conxunto de área metropolitana e pivota sobre a cidade de Vigo e sobre os servizos que se prestan dende aquí, non quero ser pretencioso pero Vigo é a xoia da coroa de Galicia e neste sentido e como tal debe de ser atendida,

calquera goberno autonómico así o faría a forma de conveniar e os motivos da mesma forma que apelamos ao tema de equivalencia coa capitalidade son moitos, o DOGA é unha fonte de inspiración permanente daqueles cos que o goberno de Nuñez Feijóo quere conveniar, quere axudar e quere apoiar e atopa motivos. E o que hoxe reivindicamos dende aquí, nese concepto da cidade máis importante de Galicia, nesa necesidade de atender a esta realidade geográfica e territorial está ben que o pidamos nós pero debería ser o propio goberno galego o que tomara a iniciativa, debería de ser o propio goberno galego o que estivera interesado en buscar formas de apoio a este territorio porque é evidente que o desenvolvemento de Vigo como Concello pero tamén como Área Metropolitana contribúe e contribuirá ao desenvolvemento de Galicia, a súa mellora, evidentemente todo o que sexa apoiar a esta cidade, apoiar a súa contorna terá retorno para o conxunto de Galicia e sen dúbida será beneficioso para toda Galicia, porque dende aquí achegamos moito, é evidente, que como sinalaba ao principio, de que non pretendemos quitarlle nada a ninguén pero a realidade económica desta cidade é a que é, a realidade en canto a achegas en impostos multiplica por cinco o que se achega dende Santiago de Compostela e polo tanto entendemos que o goberno galego debe de buscar unha fórmula equivalente, seguro que moi sinxela para apoiar a esta cidade en igualdade de condicións porque o fixo noutros territorios porque logo veremos unha moción no ámbito de cultura no que o fixo e marxinou claramente a Vigo porque aínda retumba nesta cidade aquel titular de prensa que dicía “A Xunta de Galicia acude ao rescate do túnel do Parrote”, quen pasou polo túnel do Parrote puideron comprobar o trato que se deu de favor á cidade de A Coruña nun momento determinado co alcalde do Partido Popular nesa utilización perversa que fai o Partido Popular de mistura as institucións coas súas propias siglas.

SR. PÉREZ CORREA: Esta son as mocións que a nós como organización política progresista nos descorazonan porque colocan o nivel de debate sobre a cuestión dos recursos das administracións nunha pelexa entre cidades a parte sobre cuestións absolutamente ridículas, ao mellor si tiña que despois da intervención do voceiro do Partido Socialista matizarse como está redactada esta moción, pois esta moción fala de recursos económicos que recibe unha cidade e por que non os

recibe Vigo, tamén vou poñer un exemplo, hai cidades que reciben recursos económicos por ter un almacén nuclear, pois ao mellor vostede tamén quere ter un almacén nuclear, hai cidades que reciben recursos económicos por catástrofes naturais, ao mellor vostede quere ter algún tipo de catástrofe nacional, hai cidades que reciben recursos por ser capitais, ao mellor vostede quere que Vigo sexa capital de Galicia pero dígaos, abertamente digan de que queren que Vigo sexa capital de Galicia e abramos un debate parlamentario sobre cal ten que ser, como vostede di, a xoia da coroa ou a perla do atlántico, cal ten que ser o debate que abramos sobre que cidade ten que ser a capital de Galicia, porque vostede está a comparar unha serie de recursos por certo, a maior contía deses recursos procedentes dun goberno bipartito, un goberno socialista e o Bloque Nacionalista Galego, nunha houbo ningún problema en asumir unha serie de cuestións non vantaxosas, todo o contrario, o Concello de Santiago de Compostela ten que deixar moitos terreos, non poden estar incluídos no PXOM como reserva para edificios institucionais a futuro, a rodaxe de gran parte dos vehículos oficiais no pagan rodaxe no Concello de Santiago de Compostela e os custes de seguridade de calquera actividade relacionada co ámbito institucional da capitalidade, obviamente 2,3 millóns de euros cando hai un informe da Universidade de Santiago de Compostela do profesor o Sr. Caramés, que cifra en máis de 5 millóns de euros, os necesarios, a min me gustaría que non se citara iso nesta cuestión porque se se cita ese agravio comparativo a nós nos dan gañas de votar en contra disto, porque estamos a dicir que estamos ou pensamos que Santiago de Compostela ten algún tipo de agravio positivo por ter 2,3 millóns por ser capitalidade de Galicia, tódalas capitais, practicamente tódalas capitais de comunidades autónomas teñen convenios exactamente iguais coas administracións autonómicas e con importes moito máis grandes, polo tanto, o agravio comparativo tamén o podían ter de Santiago de Compostela co agravio comparativo de que o franquismo colocara unha zona franca en Vigo e non a colocara noutra cidade, porque tamén foi unha decisión de completamente arbitraria froito dunha política franquista de colocar os polos de desenvolvemento nun sitio ou noutro, se comezamos con ese debate caemos non nun localismo positivo senón no localismo ridículo de nin sequera ir aos datos económicos que creo que son ridículos e propoñer que Santiago de Compostela ten por isto, non

vou a dicir por outras cousas como a Cidade da Cultura, poderíamos discutilo pero por iso por ser capitalidade teñen un agravio comparativo co resto de Vigo, co conxunto das cidades pero especialmente con Vigo, cremos que é bastante ridículo e polo tanto un debate que en política e en economía non debería de darse porque imos a falar de datos máis concretos, que pode pedir Vigo? Pois a mellor maneira de que a administración autonómica non poña 2,3 millóns senón moito máis e ter unha Área Metropolitana non para o transporte senón para tódolos servizos, a min gustaríame que o 51% do transporte metropolitano o pagara a Xunta de Galicia como o paga a Generalitat de Barcelona en Cataluña, a min gustaríame que pagara gran parte do lixo e non tiveramos que pagalo os concellos e para iso está a Área Metropolitana que entre o Partido Popular e o Partido Socialista a mataron de morte infantil, a min me gustaría que pensáramos cal é o mellor mecanismo para que a Xunta de Galicia achegue recursos a esta cidade e creo que segue sendo non só a Área Metropolitana senón a colaboración conveniada, Santiago de Compostela asina convenios coa Xunta de Galicia que automaticamente lle dan recursos económicos á cidade, e por que non se pode facer nesta cidade, non inventen a cuestión do bloque o político e partidista porque as cores políticas en Santiago de Compostela e en A Coruña son bastante máis diferentes que as que vostedes representan con respecto ao Partido Popular, e polo tanto, a nós nos gustaría que ese debate se abriera pero que non se fale dun agravio comparativo por dous millóns de euros que é menos do valor dos terreos que o Concello de Santiago de Compostela ten que reservar no Plan Xeral para futuros edificios da administración, moito menos do valor deses terreos, e polo tanto, creo que é bastante ridículo abrir ese debate. Que imos facer? Absternos porque para vostedes o titular sería “votamos en contra porque somos axentes do Sr. Martiño Nogueira que vimos a fundir Vigo porque somos inimigos da cidade” e a nós nese localismo cateto non nos van coller.

SRA. EGERRIQUE MOSQUERA: A verdade ao fío do que dicía o Sr. Pérez Correa a nós tamén nos descorazona absolutamente esta moción e é totalmente ridícula, a verdade é que vostedes xa non teñen ningunha outra vía para facer ese localismo do que falaba o Sr. Pérez Correa, pero un localismo ridículo e mal feito, porque ademais a redacción da moción xa deixa moito que desexar, a xustificación da

petición deses cartos a verdade si que sería unha discriminación e non positiva senón negativa para Vigo. Polo tanto, hoxe temos que lamentar o falecemento de Meilán Gil que foi o reitor da Universidade de A Coruña e foi un dos impulsores do estatuto de autonomía, porque teñen que lembrar vostedes que a capitalidade de Santiago de Compostela ven daquela época, quizais en Vigo non estivemos finos para solicitar a capitalidade de Vigo naquela época no ano 1981, que eu creo que o Sr. Caballero xa estaba nestas lindes, eu non estaba aínda nestas lindes e os concelleiros que estamos aquí tampouco, pero el miraba moito para A Coruña, el defendía moito o Aeroporto de Alvedro, estivo tamén participando neses debates, quizais non estivo fino daquela para defender os intereses de Vigo e agora confunde a Xunta de Galicia con esa caixa de aforros da que vostedes tanto falan, de pedir sen xustificación ningunha e ademais non tendo presente tódolos investimentos que fixo a Xunta de Galicia dende que o Sr. Feijóo é presidente, vostede citan ao Sr. Feijóo catro veces nesta moción para xustificar esta petición de cartos pero dende o 2009 que chegou el, xa non digo os anos do bipartito, que por certo mantiveron tamén esa axuda á capitalidade de Santiago de Compostela e non reivindicaron, non vin reivindicar aos concelleiros socialistas daquela esa partida para aquí para Vigo, dende aquela teño que dicir que máis ou menos facendo contas será uns 700 millóns de euros case os que destinou a Xunta de Galicia a Vigo, un hospital público novo, hospital Álvaro Cunqueiro, con axudas á automoción e ao sector naval, coa Edar do Lagares, cunha nova cidade da xustiza que é un exemplo ademais de coidado patrimonial desta cidade e non un arraso absoluto como fan vostedes con todo o patrimonio que ten esta cidade en aras da modernidade, con centros educativo ampliados, cunha estación intermodal, un campus do Mar, a ampliación do IFEVI, as sendas de Vigo, axudas no ámbito da política social, axudas e achegas en política cultural, pero que teñen que dicir vostedes? E hoxe veñen con esta moción ridícula creo que ademais no debate e na expresión e moito máis elocuente ademais o meu compañeiro o Sr. Pérez Corra pero dixo exactamente o que hai que dicir, temos que pedir tamén unha partida porque temos as praias máis bonitas do mundo porque temos tamén un Sireno, iso tamén poderían ser xustificacións por que non Sr. Font? Por que non podemos pedir unha partida porque temos unha rúa do Príncipe que é fantástica e pola que transitan moitos peóns, a verdade é que non ten nin pes nin cabeza esta moción,

vostedes teñen que darlle un pouco máis ao ámbito da xestión para saber como teñen que solicitar os cartos á Xunta de Galicia e en que termos. Que pasa? Claro que o superávit e co remanente temos que pagar as débedas que vostedes mesmo xeran, débedas súas que temos que pagar tódolos vigueses, por que por xestión? Eu non poño en dúbida nin contas, nin técnicos, nin traballadores do Concello, poño en dúbida unha actitude totalmente pasota ante un problema que xa viñemos advertindo que era o problema do Auditorio Mar de Vigo, polo tanto as súas débedas témolas que pagalas agora cos cartos de tódolos vigueses e vostedes meten mocións aquí ridículas absolutamente ridículas, pedindo cartos á Xunta de Galicia, insisto, confundíndoa cunha entidade bancaria.

Onte lin un artigo moi interesante dun comunicador latinoamericano que creo que viña moi ao caso co Alcalde que temos e co tipo de política que están a facer vostedes que é unha política de espectáculo, entón eu lembro, levo sete anos aquí e vin moitos aplausos, chamámoslle palmeiro daquelas, xa os eliminou do Pleno e sabe que como remataba? Decía “aínda quen parezan inmunes de toda maneiras están xogando con fogo e un bo día os mesmos que un día aplaudían, se saturan e comezan a asubiar” eu creo que iso é o que lles está pasando a vostedes porque teñen e practican unha política absolutamente de marketing, de acusación a outras administración e todo o que dixen eu, tódolos investimentos da Xunta de Galicia están á vista e agora xa non poden enganar a ninguén porque non somos cegos e a realidade, a nosa realidade e a realidade da cidade e dos investimentos da Xunta de Galicia, superan a súa ficción Sr. Font, polo tanto, nós non imos sequera a abstermos, nós imos votar en contra porque é unha vergoña que vostedes presenten esta moción hoxe neste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: O que resulta descorazonador é escoitalos vostedes, e oír a Marea de Vigo e ao Partido Popular e o que resulta un espectáculo Sra. Egerique é o seu, fíxese que grao de aceptación teñen entre os vigueses nesta e noutras cuestións que pasan de 13 concelleiros a 7 concelleiros, mire o localismo cateto o aplican vostedes porque certamente o Sr. Pérez, eu creo que debe estar facendo oposicións a ser candidato en Santiago de Compostela e vostede a ser candidata ao de sempre, a defender unhas siglas e estar en contra desta cidade, porque o que me preocupa é que nin haxan lido a moción nin me escoitaran na miña

intervención e dixen de forma moi contundente que non pretendemos quitarlle nada a ninguén pero nesta moción que é tan ridícula que non sei que, e con tantos adxectivos cualifican vostedes, nesta moción se describe o que é Vigo, se describe a realidade, o que significa que está a facer o goberno do Sr. Feijóo, porque a lista que vostede enumerou Sra. Egerique é a lista dos agravios con esta cidade, quererse computar a EDAR como un logro do Sr. Feijóo é absolutamente unha hipocrisía porque a EDAR e que haxa depuradora nesta cidade é consecuencia da vontade política dunha ministra socialista chamada Sr. Elena Espinosa, porque cando falan de investimentos nesta cidade sabe o que fai Sra. Egerique? Suman os salarios, non me estraña que lle saía 700 millóns, lle poderían saír 1.200 millóns. Polo tanto, mire Sr. Pérez eu non pretendo o que esta cidade teña unha catástrofe para solicitar axudas, por suposto que non, o que quero é poñer en valor o que esta cidade achega ao conxunto de Galicia, o que esta cidade achega a unha comunidade de 500.000 habitantes, en aeroporto, en porto, en exportacións, en turismo, en absolutamente todo o que ten que ver co crecemento de Galicia e como se queren acoller a que parece que competimos con outra cidade, non, que va, non entro nesa linguaxe nin nese debate, lles parecerá a vostedes o ridículo que queiran, pero o que é evidente é que os cidadáns que están aí que están convencidos de que esta cidade hoxe leva un proxecto común que é apoiada aínda polo 52%, que o será máis nas próximas eleccións, teñen moi claro o que se debe facer con esta cidade, e o outro día me preguntaban que me parecía a decisión do Sr. Feijóo e dixen que me daba literalmente o mesmo porque o peor de todo é que o Sr. Feijóo é moi mal presidente para Galicia, que discrimina, que non acorda con esta cidade e é moi mal presidente para a cidade de Vigo porque nunca a atendeu, e esta moción é a voz dos vigueses en reclamación dos seus dereitos.

(Preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra, Silva Rego, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez

Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.06.2018 (Rex. Nº 1792/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(101).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO DE APOIO AO CONXUNTO DAS FESTAS DE VIGO AO LONGO DE TODO O ANO. REXISTRO PLENO 1793/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2018, número 1793/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende hai anos o goberno de Nuñez Feijoo vén discriminando á cidade de Vigo en política cultural no seu conxunto. Os investimentos na Cidade da Cultura, o seu mantemento, o apoio ao CGAC, o apoio á Orquestra Sinfónica de Galicia, o abandono do Museo Marco de Vigo e unha longa listaxe de peticións non atendidas, supoñen que os vigueses non gozan das mesmas opcións que outras cidades de Galicia beneficiadas polo goberno de Núñez Feijoo.

Para paliar esta situación, o Goberno Municipal de Vigo vén apostando por unha política cultural no seu conxunto moi ampla que é custeada en exclusiva dende o Orzamento anual do Concello de Vigo. Nese conxunto de política cultural, destaca nos últimos anos un Programa de Festas de Verán que engloba todo tipo de actividades, festexos e concertos. Mellorando cada ano, o que supón un progresivo incremento do orzamento destinado a este Programa, as Festas de Vigo

convertíronse no mellor programa de Galicia. Os Festivais e os Concertos son unha parte moi importante deste Programa e cunhas cifras de asistencia dos vigueses cada ano maior.

Proba desa discriminación a Vigo, por parte da Xunta, atopámoslos este ano co lanzamento dun festival de música denominado "Ou son do Camiño" que se realizará en Santiago de Compostela e 5 concertos noutras cidades de Galicia. A adxudicación directa pola Xunta de Galicia realizouse por un importe de 3 millóns de euros. Vigo non está incluída nese festival de música nin recibimos ningunha asignación ou convenio para o desenvolvemento da festas anuais da nosa cidade a pesares da importancia das mesmas nun entorno xeográfico de medio millón de habitantes.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte

ACORDO:

-INSTAR o goberno da Xunta de Galicia á formalización dun Convenio co Concello de Vigo de apoio ao conxunto das Festas de Vigo ao longo de todo o ano polo menos por un importe de 3 millóns de euros."

DEBATE:

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: Dende hai anos o goberno do Sr. Feijóo ven discriminando á cidade de Vigo de tódalas maneiras posibles, polo que a política cultural se refire non ía ser diferente. Se facemos unha comparativa dos investimentos que a Xunta de Galicia fai en Santiago de Compostela e en en Vigo, a diferenza é máis que substancial. Os investimentos e mantemento da cidade da cultura cóntanse por millóns de euros, o financiamento ao centro Galego de Arte Contemporáneo é moi superior mentres que ao Museo Marco de Vigo a achega da Xunta de Galicia diminuíu nos últimos anos, o apoio á Orquestra Sinfónica de Galicia e á Real Filharmónica de Galicia contan co apoio de Galicia mentres que a Orquestra Clásico de Vigo lle destinan cero euros.

Fronte a esta situación o goberno municipal ven apostando por unha ampla política cultural custeada en exclusiva polo orzamento anual do Concello de Vigo.

Dentro do conxunto desta política cultural destaca nos últimos anos o programa

Vigo en Festas, dentro do cal englobábase tanto actividades infantís como concertos de bandas de música, o Festival Folclórico Internacional, festas gastronómicas, os concertos no Auditorio de Castrelos e un longo etc., o que o converte na mellor programación de festas de toda Galicia, dentro do cal cabe reseñar o amplo número de concertos que cada ano contan cunha cifra de asistentes cada vez maior e ademais de todo isto apoio e colaboración por parte deste Concello a todas as festas festas nas parroquias e zonas urbanas da nosa cidade, que se contan por dezas. Proba desta discriminación cara Vigo por parte da Xunta de Galicia atopámonos este ano coa presentación dun festival baixo o nome o Son do Camiño que se fará en Santiago de Compostela ao que o goberno do Sr. Feijóo adxudicou de forma directa e sen que mediase ningún concurso, un orzamento de 3 millóns de euros, festival que se desenvolverá por completo na cidade de Santiago de Compostela, quedando unha vez máis a cidade de Vigo excluída dun programa financiado pola Xunta de Galicia, nin percibimos ningunha asignación ou convenio para o desenvolvemento das festas anuais da nosa cidade a pesares da importancia das mesmas nunha contorna xeográfica de medio millón de habitantes, por mor disto propoñemos a este Pleno o seguinte acordo: Instar ao goberno da Xunta de Galicia a formalización dun convenio co Concello de Vigo, de apoio ao conxunto das festas de Vigo ao longo de todo o ano, de polo menos por un importe de 3 millóns de euros.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos obviamente de acordo, quizais nos gustaría que na intervención da concelleira clarexara, a nós non gustaría que fora o formato exactamente igual que foi ese ou que vai ser, creo que comeza mañá, este grupo de concertos do Son de Camiños, non nos gusta os contratos de patrocinio, non nos gustan, non entendemos a argumentación dun contrato de patrocinio no que efectivamente si é certo que hai que contratar a esas empresas, vostedes fano habitualmente, é máis, estas empresas que van facer este concerto tamén son contratadas no Concello de Vigo, entre outras cousas porque teñen a representación dos artistas que se queren traer e polo tanto se vostede quere traer a Maná, ten que obviamente convenir coa empresa que ten os dereitos aquí, no caso de Santiago de Compostela exactamente igual, o que non nos gusta é que un concerto que é por conta e risco do promotor teña 3 millóns de euros de patrocinio

autonómico simplemente por levar a marca do Camiño de Santiago de Compostela, non nos gustan os contratos de patrocinio, xa digo no conxunto das administracións, tampouco nos gusta os contratos de patrocinio que fai este Concello, non nos gustan o contrato de patrocinio da Gala de Deporte directamente con Faro de Vigo, podendo saír a concurso a calquera persoa, creo que hai moitos medios de comunicación ou empresas de xestión que son capaces de facer a Gala do Deporte, non necesariamente co mesmo contrato de patrocinio que emprega a Xunta de Galicia para adxudicar no caso do Son do Camiño, pero en todo caso si que consideramos que podería haber unha colaboración da Xunta de Galicia porque o Camiño de Santiago de Compostela non é só Santiago de Compostela e ese contrato de patrocinio de 3 millóns podería estar distribuído por toda Galicia, vostedes falan aquí de 5 localidades, non é certo, este Son do Camiño, só se van facer no monte do Gozo e aínda que quixéramos facelo en Vigo non poderíamos facelo porque non temos ningunha dotación que permita facer un concerto destas características. Vostedes van a traer un grupo de caché internacional e vano meter na Parque de Castrelos, eu creo que é bastante evidente que un concerto destas características que só en 48 horas esgotou os 20.000 bonos é imposible facelo en Vigo, agás que busquemos a posibilidade de facelo en Balaídos, onde a min, creo que deberíamos nalgún momento abordar a posibilidade de volver meter a Balaídos como un recinto de concertos e polo tanto metelo no circuíto internacional que moitas veces limita que podamos facer este tipo de concertos en Vigo.

A nós nos gustaría que se repartiran eses recursos, que o contrato de patrocinio non fora só para esta cuestión, que puidéramos facer contratos descentralizados e estamos de acordo, pero logo outros debates que se apoia ou se deixa de apoiar, a nós nos gustaría tamén que foramos audaces en Vigo e pedíramos un consorcio como ten en Santiago de Compostela que é capaz de financiar a Real Orquestra Filharmónica de Galicia, a parte cunha xestión que participa directamente a administración central, a Xunta de Galicia e o Concello, pois ao mellor é bo que puxéramos en valor o noso Casco Histórico e propuxéramos a posibilidade de ter un Consorcio como ten as cidades históricas de Huesca e de Santiago de Compostela, abramos ese debate, pero non creo que sexa malo que a Xunta de Galicia decida apoiar á Orquestra Sinfónica de Galicia, por certo, a nosa orquestra

non é unha orquestra profesional, deberíamola profesionalizala e polo tanto, deberíamos iniciar un traballo de converter unha orquestra de carácter profesional, polo de agora non é, e polo tanto, o nivel de axudas á orquestras profesionais ou de rapaces que están en período formativo é diferente pero creo que ese debate podemos abri-lo, non nos gusta que se vaia citando o que reciben outras cidades porque se queremos falar de carencias de equipamentos culturais vamos a atopar en tódalas cidades de Galicia e se queremos ver exemplos na que a Xunta de Galicia se esquece das cidades e das vilas de Galicia ímonos atopar en todas e en cada unha delas, nós estamos de acordo que se convenio se dea, a nós nos gustaría que fora doutro xeito, poñer en valor o Camiño Portugués, outras dotacións e equipamentos culturais relacionados coa peregrinación a Santiago de Compostela pero tamén digo que vostedes utilizan de maneira habitual os contratos directos ás empresas, a estas mesmas empresas convertidas en UTE pero nomeadamente é unha delas, e vostedes tamén utilizan este tipo de contratos de maneira habitual no Concello de Vigo.

SR. GAGO BUGARÍN: Esta moción é unha moción a granel, destas que pasan absolutamente desapercibidas porque comezan todas igual, isto é como as fichase do Real Madrid, cando o Sr. Florentino Pérez sube ao atril e di que todos naceron para xogar no Real Madrid, pois isto é igual tódalas mocións comezan dicindo que dende hai anos o goberno do Sr. Feijóo está discriminando á cidade e quitamos catro parágrafos e pedimos o que haxa falla e nos quedamos tan anchos e a pola seguinte moción, e a realidade é que é unha pena, sinceramente llo digo, que fagamos esta demagogia e que reduzamos tanto o nivel a un debate que entendo que é importante no Pleno do Concello de Vigo para tódolos vigueses/as.

De todas formas, os catro parágrafos que aquí fan referencia non teñen desperdicio, así que os vou a debullar porque é bo que se coñezan, comezan vostedes a falar dos investimentos da Xunta de Galicia en tres investimentos importantes como son a Cidade da Cultura, a Orquestra Sinfónica de Galicia e o Museo Marco de Vigo, nós cando analizamos a moción e a traemos a Vigo e comparamos a situación da Cidade da Cultura e a aposta do goberno autonómico pola Cidade da Cultura e o comparamos co Auditorio Mar de Vigo pois en definitiva eu creo que evidentemente quedan vostedes reflectidos. cando falamos da

Orquestra Sinfónica de Galicia e falamos das competencias que teñen vostedes, cando trasladamos a aposta da Xunta de Galicia pola Orquestra Sinfónica de Galicia e o trasladamos a Banda de Gaitas de Excelentísima Deputación de Pontevedra que vostede se cargan e que a Xunta de Galicia mantén, pois a comparativa tamén está aí, e por último cando falan vostedes do Museo, e que puxeron uns exemplos que son realmente chamativos, cando falan vostedes do Museo Marco de Vigo e vemos que os artistas e que o Museo realmente está nunha situación bastante precaria, nós nos lembramos do Mar de Vigo que é dependente da Xunta de Galicia e que trouxemos aquí a Vigo pois probablemente a peza histórica máis importante de Galicia como é o Pergamiño Vindel, por iso digo que os exemplos que vostedes poñen son canto menos bastante rechamantes. Ademais seguen dicindo que apostan por un programa de festas do verán que é o mellor de Galicia, se nota que esta moción non a revisou o Alcalde senón diría a mellor do mundo, o faría cunha guitarra, diría temos o mellor programa de festas do mundo, pero a realidade é que dentro duns días vai cantar Shakira en A Coruña e a realidade é que a Vigo veñen tres, dicía, que Shakira vai cantar en A Coruña que ten bastante máis caché que o resto dos artistas que veñen a Vigo e que despois van a cantar tres denominados triunfitos, cando van a cantar todos en A Coruña, esa é diferenza, vostedes non se dan conta da realidade e cando falan do programa de festas non se dan conta que hai outras cidades e non moi lonxe que teñen programas infinitamente mellores, se a iso o trasladamos as mocións que trouxemos dende que este grupo municipal formamos parte do Pleno Municipal, pois lembraran que no ano 2015 puxemos voz ás enormes queixas masivas dos vigueses/as dicindo que o programa e o nivel das festas era deficitario, que había que facer un reparto durante tódolos meses de verán e non só concretalos nunha semana os principais concertos na cidade de Vigo e por último que só destinaban dous únicos concertos para celebralos no auditorio de aire libre de Castrelos que é un dos mellores de España e iso si que é certo. A realidade é que vostedes no ano 2015 só outorgaron dous concertos a Castrelos, denunciámolo, no ano 2016, 3 concertos, no ano 2017 volvémoslo a denunciar, 4 e agora pois seguimos na mesma liña, en calquera caso está absolutamente desaproveitado, seguen vostedes falando do progresivo incremento do orzamento nas festas de Vigo eu creo que aquí deberíamos facer un aparte porque este tema é serio e resulta que

hai tres semanas coñecemos disto da análise que ten que facer a oposición, de analizar tódolos documentos con malversación e aleivosía e resulta que vostedes o que fixeron é derivar fondos de axudas directas aos estudantes universitarios de Vigo que teñen dificultades para poder estudar unha carreira e o que fixeron é derivar 230.000 euros ao programa de festas cando teñen 90 millóns de euros en caixa.

En definitiva, podería dicirlle moitas cousas, cuestións, eventos que trouxemos aquí moitas veces que vostedes se cargaron nestes 11 anos porque Vigo realmente quitando o Marisquiño non ten ningún evento importante, tódolos que tiñamos o festival aéreo, o copa mundial de hípica, a Qaty Shar e todo iso cargárono en 11 anos e levan 11 once anos no goberno.

En calquera caso, o que lle quero dicir Sra. Iglesias é que o Son do Camiño vai a celebrarse en Vigo o único que teñen vostedes é que responder porque non len nin a documentación, requiríronlle que lle dean un espazo e se vostedes lle dan un espazo poderano celebrar, se llo digo eu que falei coa Secretaria Xeral de Turismo e llo podo garantir.

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: Creo que debería vostede falar cos seus compañeiros da Xunta de Galicia porque é increíble que ata vostedes lle menten, non é verdade que haxan solicitado nada de ocupación nin dun espazo a esta cidade para celebrar nada do Son do Camiño, o Son do Camiño comeza mañá e vaise celebrar integramente en Santiago de Compostela e lle deron un contrato de tres millóns de euros a unha UTE para que executen eses concertos única e exclusivamente en Santiago de Compostela.

Mire, por comezar polo final do que vostede dixo, vostede dixo que nós quitamos cartos para os estudantes, mire, é que mentira, había uns cartos destinados para un convenio para que asinase este Concello coa Universidade de Vigo, foi esta a que non quixo asinar ese convenio co Concello de Vigo, non quixeron asinalo, pero dígolle máis, en canto á Universidade de Vigo estea disposta a asinar ese convenio este Concello pon tódolos medios para que ese convenio se poida asinar e se poida facer firme, en calquera momento que a Universidade de Vigo estea disposta a asinalo, nós pola nosa parte tamén, poñeremos tódolos medios necesarios e mire tamén lle digo máis, a parte que lle minte aos seus propios compañeiros creo que

teñen un problema de contar, o ano pasado houbo no Auditorio ao aire libre de Castrelos, 10 concertos, seis de adultos e catro infantís, este ano se supera esa programación, 14 concertos, dez de adultos e 4 infantís, aprendan a contar. Tamén lle digo máis, xa que non lle gusta a programación espero non velo alí, porque vexo que non lles gusta nin os concertos nin a programación deste Concello pero iso si despois seguro que se pasean por todos e cada un dos concertos e actividades que vaíamos a programar dende esta concellería, e mire, vostedes falan dos concertos de Santiago de Compostela, de Shakira, de OT e demais, oia pagando e pagando un diñeiral, as familias e todos e cada unha das persoas que queiran ir, neste Concello concertos gratis e que poden ver de forma gratuíta tódolos que queiran, gratuítos todos e cada unha persoas desta cidade e de fora, de Santiago de Compostela, de A Coruña e tódolos sitios que queiran vir a velos, poden vir a velos gratis.

Vostede Sr. Gago, falaba de rebaixar o nivel deste Pleno, mire, rebaixar o nivel o rebaixan vostedes que de repente viñeron a este Pleno a primeira hora pedindo cousas para esta cidade que cando vostedes gobernaban no goberno de España non as pedían, de repente queren e piden agora, e veñen aquí e piden e din que a ver si é verdade que o Alcalde consegue pois claro que si, non teño ningunha dúbida de que este Alcalde gracias ao goberno socialista que temos no goberno de España o imos conseguir, e imos conseguir todas e cada unha das demandas que esta cidade e que o Alcalde, tanto como presidente da FEMP como presidente deste Concello, imos reclamar, vamos a conseguilos todos, non se preocupen vostedes.

E mire Sr. Correa, non sei que problema hai con que actúe Maná no Auditorio de Castrelos, tampouco sei que problema hai, caben de sobra toda a xente que queira vir a velos e gratis, vólvollo repetir, non hai ningún problema de capacidade no Auditorio de Castrelos, pode vir a velo todas e cada unha das persoas que queiran, en Santiago de Compostela pagando, de 90 euros para arriba, así que esta é a mellor programación que houbo na cidade de Vigo de festas e non se preocupen que o ano que ven máis.

PRESIDENCIA: Xa se verá o ano que ven quen está aquí, e dentro de 5 de 9 e de 13 anos, xa se verá.

Había unha emenda sobre a cal o grupo Socialista non se pronunciou, entendo que non a acepta.

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: Non se acepta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.06.2018 (Rex. Nº 1793/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(102).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A GARANTIR A ASISTENCIA PEDIÁTRICA NO PROPIO CENTRO DE SAÚDE DE CORUXO, E SE NON É CAPAZ DE GARANTIR ESTE DEREITO, SOLICITAMOS A DIMISIÓN DO CONSELLEIRO DE SANIDADE. REXISTRO PLENO 1794/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2018, número 1794/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende mediados do mes de maio pasado sucédense nos diferentes medios de comunicación as noticias relacionadas coa preocupación da poboación de Coruxo pola ameaza da desaparición da praza de pediatría do seu Centro de Saúde unha vez producida a xubilación da profesional que ata a data viña desempeñando dita actividade.

A supresión da praza de pediatría no Centro de Saúde de Coruxo, obrigaría a máis de mil nenos a desprazarse fóra da súa zona de referencia para ser atendidos no ámbito da pediatría en atención primaria.

A pesares das solicitudes formuladas, os escritos enviados e as mobilizacións producidas por parte da poboación afectada e os seus representantes, o SERGAS non e quen de clarificar a súa decisión definitiva a partir do mes de xullo, mantendo á poboación na incerteza e baixo a ameaza da desaparición da praza de pediatra no devandito centro de saúde.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO

Instar á Consellería de Sanidade do Goberno presidido polo Sr. Feijóo a:

1. Garantir a asistencia pediátrica no propio Centro de Saúde de Coruxo
2. E que, no caso de que o SERGAS sexa incapaz de garantir este dereito, solicitamos a dimisión do Conselleiro de Sanidade.”

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Como é de todos coñecido, España dispón dun dos mellores sistemas sanitarios públicos, un sistema creado por certo, durante os gobernos do Sr. Felipe González, e co ministro inesquecible o Sr. Ernest Lluch, un sistema que pivota conceptualmente sobre a atención primaria da saúde, temos médicos especialistas de pediatría e medicina de familia nos centros de saúde, accesibles a tódolos cidadáns, con moi bos resultados de saúde e un alto grado de satisfacción nas enquisas dos usuarios, pois ben, todo isto como confirman as propias sociedades científicas de medicina de familia e pediatría, está en perigo, e

como o confirman os feitos nesta cidade dende mediados do mes de abril pasado se suceden nos diferentes medios de comunicación as noticias relacionadas coa preocupación da poboación de Coruxo pola ameaza da desaparición da praza de Pediatría no seu centro de saúde, unha vez producida a xubilación da profesional que ata a data viña desempeñando dita actividade.

A supresión da praza de Pediatría no centro de saúde de Coruxo obrigaría a máis de 1.000 nenos a desprazarse fora da súa zona de referencia para ser atendidos no ámbito da pediatría de atención primaria, a pesares das solicitudes formuladas, os escritos enviados e as mobilizacións producidas polos colectivos desa poboación afectada e os seus representantes, o SERGAS non remata de clarificar a súa decisión definitiva, que pasará a partires de mes de xullo? Mantendo a poboación na incerteza e baixo a ameaza da desaparición da praza de pediatría de dito centro saúde.

Por todo isto, solicitamos ao Pleno que aprrobe esta moción, polo que se insta á consellería de Sanidade do goberno presidido polo Sr. Feijóo, primeiro, de garantir a asistencia pediátrica no propio centro de saúde de Coruxo, e segundo que no suposto de que o SERGAS sexa incapaz de garantir este dereito, solicitamos a dimisión do conselleiro de Sanidade, e a explicación de por que solicitamos a dimisión do conselleiro de Sanidade é moi sinxelo, cando non é posible polos motivos que sexan garantir os dereitos básicos dos cidadáns e os servizos que garantan precisamente eses dereitos é loxicamente a solución inmediata é a dimisión ou loxicamente o desaloxo pola vía das eleccións, polo tanto este é motivo, é un acto de ética propia, de responsabilidade política e non un capricho polo cal se solicita a dimisión de un responsable político se non é capaz de garantir os dereitos dos cidadáns.

SR. PÉREZ CORREA: Realmente é bo que veña ao Pleno esta moción sobre todo porque veñen os meses de verán onde o problema endémico que temos de falla de especialistas en pediatría nos centros de saúde vaise multiplicar e tamén é certo que poderíamos ter dialogado, cando menos tódalas formacións políticas e tódalas administracións, sobre a situación da pediatría no Estado español porque se realmente o que pretende o Partido Popular aí onde goberna pero tamén digo onde non goberna tamén, porque en Andalucía estamos a detectar que tamén hai as

mesmas políticas de eliminar a pediatría como un servizo básico da asistencia social, está a parte explicitado no Parlamento andaluz por parte do Partido Socialista e temos os mesmos problemas que temos en Galicia e incluso con ameazas aos médicos que queren denunciar esta situación, se o que se quere abordar é que desapareza a especialidade de pediatría, converter todo en médicos de atención primaria nos centros médicos, que se diga e sería o que pasa en toda en Europa, creo somos os único país que ten estas prazas específicas nos centros de saúde e se alguén, tanto o Partido Socialista en Andalucía como o Partido Popular en Galicia pretende dismantelar a Pediatría que o digan abertamente porque pola vía dos feitos se fai, pero hai unha opción que se pode propoñer, para nós é importante que o ministerio agora en mans do Partido Socialista, quite as prazas do MIR, porque o problema é que nas listas de substitución do SERGAS non temos ningún pediatra porque só o 24% dos médicos optan pola pediatría, pola especialidade cando se convocan as prazas do MIR e creo que hai un debate aberto e o concelleiro o Sr. Rodríguez Escudero, seguramente sabe máis que nós, hai un debate aberto cal é o motivo polo que os homes e mulleres que entran no MIR non optan por pediatría, porque isto está recoñecido pola plataforma en defensa da sanidade pública que temos un problema de que non temos pediatras e por certo, hai comunidades onde o déficit de pediatría é de máis do 50% gobernadas polo Partido Socialista, polo tanto, non creo que sexa un problema exclusivo deste conselleiro. A nós gustaríanos que este debate se trasladara ao Ministerio de Sanidade, que este ano ten que facer algo, quitar polo menos máis prazas de MIR para pediatría, incentivar que os médicos ao final rematen esta fase formativa especializándose en pediatría e trasladándose aos centros de proximidade porque senón imos estar no mesmo problema, non temos capacidade de substituílo, é certo que é unha responsabilidade política, hai cousas que se saben dende hai meses, xa se sabe por exemplo, eu que son pai dunha nena, que en en Pintor Colmeiro hai unha pediatra que pediu unha excedencia durante x tempo, non hai ningunha resposta por parte da Xunta de Galicia de se se vai facer unha substitución, xa se sabe hai tempo que se poden perder varios pediatras, non só a situación en Coruxo senón tamén a situación que se da en Navia, xa se sabe que incluso en Navia co problema que temos da pirámide de poboación máis xuvenil de toda Galicia e cos problemas que pode significar ao longo dos anos,

creo é que coñecido que non existe practicamente unha previsión nin sequera unha política proactiva por parte da Xunta de Galicia de como vai solventalo, é xa sabemos que os meses de verán vai haber unha saturación e unha falla de facultativos en moitos centros de saúde, pois a min me gustaría que se incluía aquí, esixirlle ao Ministerio de Sanidade que abra prazas de MIR, que incentive nalgún momento, se dicía incluso recortar o MIR para aqueles médicos que optaran pola pediatría, ao final acabouse desbotando esa posibilidade. Quero saber tamén como se van ampliar as prazas de MIR de pediatría, como se van incentivar, como se vai sobre todo a crear unha cultura de defender o modelo dos pediatras e creo que os pais tamén somos unha parte importante dos que temos que preguntarnos e moitas veces o que estamos a facer, a actitude dos pais é facendo que moitos médicos queiran escapar desta especialidade porque moitas veces os pais somos demasiado explícitos nas preocupacións de saúde que temos cos nosos fillos e creo que é tamén unha responsabilidade colectiva de como estamos abordando o desmantelamento das pediátrías, creo que non é nada novo dicir que moitos médicos non queren ir por estas especialidades e que o déficit moitas veces non é tanto de que non se queira contratar senón de que non existen a día de hoxe non existe esa posibilidade ou polo menos só temos 77 pediatras na área sanitaria de Vigo que é un problema moi serio.

Polo tanto, a nós gustaríanos que ese debate se abra e se temos que pedir dimisións que as pidamos por suposto, pero que primeiro nos poñen enriba da mesa como se pensa, tanto o goberno central coa súa parte de responsabilidade na formación dos MIR como a responsabilidade da Xunta de Galicia en ordenar a Área Sanitaria de Vigo para que nos meses de verán pero sobre todo non haxa este problema.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Bos días en especial aos veciños de Coruxo que viñeron aquí ao Pleno, cos que estivemos onte reunidos.

O centro de saúde de Coruxo atende a unha área de pediatría que non só é Coruxo.

PRESIDENTE: Un momento, hai un asesor do grupo Popular en medio do salón, é unha zona reservada a de medios de comunicación acreditados, pregunto se está

acreditado como medio de comunicación, se está acreditado continuará senón é unha situación cando menos estraña, pode seguir aí ata que a secretaria o decida no seguinte Pleno.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Dicía que o Centro de Saúde de Coruxo atende na súa área de pediatría non só é Coruxo senón a San Andrés de Comesaña, Saiáns e San Miguel, sendo áreas con gran dispersión e afastadas do centro de Vigo, ata este momento funcionou con normalidade o servizo de pediatría con ademais moi boa valoración por parte dos pacientes e a recente xubilación da pediatra titular foi suplida por unha pediatra substituta que ata o momento continuou coa súa labor de maneira provisional. A situación, a que estamos a comentar de severa ausencia de pediatras está provocando dificultades para cubrir as prazas de pediatría en atención primaria como ben dicíamos non só en Vigo senón en Galicia e en toda España.

Noutras comunidades estase a cubrir con médicos de familia sen embargo en Galicia apostamos por ter especialistas en pediatría nos centros de saúde a pesares da escaseza dos mesmos, comparto con que temos que abrir un debate con respecto ao número de MIRs e de prazas de pediatría, pero o caso é que temos un problema enriba da mesa e é o centro de saúde de Coruxo, esta circunstancia nos está a provocar que teñamos que axustar as prazas de pediatría aos profesionais dispoñibles, iso é o que hai, e para garantir a correcta asistencia de tódalas nenas e nenos. O caso de Coruxo, a posibilidade podería ser centralos en Navia, sen embargo entendemos que as especiais características da área de referencia do centro de saúde de Coruxo con esa grande dispersión xeográfica unida á dificultade que hai para acceder en transporte público dado as malas conexións, fai que a posibilidade de acceder ao centro de saúde de Navia nesta caso, a nais, pais e avós sexa unha limitación demasiado importante, facendo necesario e así o entendemos que se manteña a praza de pediatra en Coruxo. Estivemos con nais e con pais, nos reunimos con eles e entendemos totalmente lexítimas as reivindicacións da poboación destas parroquias solicitando que se manteña a praza de atención primaria de pediatría como ven funcionando ata o momento e cunha continuidade e que sexa sempre o mesmo profesional na medida do posible.

A Xerencia da Área Sanitaria continúa buscando unha solución e en ningún caso esta pasa pola amortización da praza de pediatría que se normalizará en canto sexa posible contar cun número adecuado de pediatras, hoxe mesmo a Xerencia reunírase coa asociación de veciños e ANPAs para informar detalladamente da situación e achegar as solucións aos interesados, se explicarán solucións de cara ao verán con vacacións e substitucións, son situacións difíciles de solucionar pero que xa se solucionaron en anos anteriores e isto non vai variar neste caso, vai ser como o ano pasado.

A proposta a posteriori en ningún caso contempla a desaparición do pediatra de Coruxo, en ningún caso se deixará a ningún paciente sen asistencia por parte dun pediatra e é por iso que estamos de acordo co punto 1 da súa moción Sr. Rodríguez Escudero, estamos de acordo con que se garanta por parte da Xerencia a asistencia ao centro de saúde para tódolos nenos/nenas e nós seguiremos traballando dende o Partido Popular para que isto siga sendo así e se siga mantendo, tanto a Xerencia como os veciños, como vostedes, como nós estamos de acordo no mesmo, o que non podemos entender é o punto número 2 da súa moción, loxicamente, estamos no de sempre, volvemos a buscar a confrontación política nun tema moi serio e que temos que resolver e que é sinxelo de resolver se o facemos entre nós, pero a xustificación do seu punto número 2 entenderá que non a imos compartir e que necesitamos moita máis colaboración en beneficio dos veciños e menos usar a sanidade como arma política, nós gustaría que mostrara o mellor talante neste sentido e que fixéramos algo positivo.

Nós votaremos a favor se facemos unha votación por puntos, loxicamente o punto número 1 o imos votar a favor, o punto número 2 dende logo non podemos apoialo.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Non, non utilizamos a sanidade como confrontación política ao contrario, utilizar a confrontación política foi o que fixeron o Partido Popular no goberno central e no goberno de Galicia, aproveitando a oportunidade da crise para eliminar e sangrar á poboación con recortes que minimizaron non só servizos senón fundamentalmente e o máis grave, dereitos “cuasi” universais, afortunadamente o cambio de goberno en Madrid vai propiciar o retorno a esa normalidade que nunca se debeu de perder e que realmente iso si que xerou

confrontación política porque eliminou dereitos de cidadáns que máis o necesitaba neste país.

Efectivamente hai unha crise no que é o número de pediatras necesarios pero non é como dicía o Sr. Correo, o número de prazas de MIR é suficiente, segundo din as asociacións, faltarían un 600 aproximadamente, pero o problema é non elección da especialidade de pediatra extrahospitalaria, e iso significa que son dous motivos fundamentalmente, un, derivado de algo que é corrixible por calquera administración sanitaria, non polo goberno que é mellorar a situación laboral e a credibilidade e a reputación do pediatra de atención primaria, e iso pódoo facer a Xunta de Galicia e non o fixo, polo tanto, ese é o gran problema, que se non hai elección por parte dos pediatras para facer pediatría no ámbito extrahospitalario non é que non queira, non hai que criminalizar aos pediatras como estou vendo e recentemente tamén neste caso de Coruxo que dende as administracións que intentaron penalizar e criminalizar aos pediatras por non elixir a pediatría extrahospitalaria, ao contrario hai que incentivar o que non se pode baixo ningún concepto é aproveitando que non haia pediatras para eliminar unha das características máis importantes que ten o noso sistema, a pediatría na contorna e traballando cooperativamente co médico de atención primaria de saúde porque realmente a través desa sinerxía entre os dous ámbitos é como se pode abordar dunha forma integral, lonxitudinal e dunha forma transversal os coidados, a prevención e os dereitos dos cidadáns, nenos e adultos porque non hai mellor comprensión do proceso de saúde de enfermidade e da prevención que a abordaxe integral a través da integración dos recursos de atención primaria, médico de familia e pediatra, calquera intento de eliminar e facer esa dicotomía é realmente romper a esencia do noso sistema sanitario.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Solicitamos a votación por puntos.

PRESIDENCIA: Xa lle dixeron que a votación vaise facer nun único punto.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco

Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.06.2018 (Rex. Nº 1794/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

SRA. SILVA REGO: Unha cuestión de orde, do que está acontecendo neste Pleno que me gustaría que constara en acta e que tome nota a secretaria porque eu considero que atenta gravemente contra a posición dos concelleiros que un asesor do Partido Popular estea a gravarnos, me parece que é un escándalo democrático que non ten nome e quero que conste en acta e que a secretaria tome nota desta cuestión, un asesor do Partido Popular non pode estar gravando aos concelleiros, de ningunha forma.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

PARTE DE CONTROL

7(103).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 362-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

8(104).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 363-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

9(105).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL, CO OBXECTO DE DAR EXPLICACIÓNS EN RELACIÓNS AO CAOS E COLAPSO DO DEPARTAMENTO. REXISTRO PLENO 1613/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2017, número 1613/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 9 de maio, a xefa de área de Benestar Social, emitiu un informe reclamando a urxencia de contratación de 11 traballadores sociais que di “son indispensables” destacando que “a situación de deficiencia de recursos humanos no departamento é moi grave. Sen personal non somos capaces de prestar servizos esenciais que se configuran como un dereito esixible e deben estar

garantidos”.

Finalmente o 18 de Agosto o goberno municipal tan so foi quen de nomear interinamente a tres traballadores dos 11 reclamados debido á situación de caos e colapso na xestión das ofertas de emprego público deste concello que se atopan paralizadas e tamén na xestión dos nomeamentos de funcionarios interinos.

Por outra banda, Vigo é a cidade con mais perceptores da Renda de Inserción Social de Galicia, acadando case os 3.000 perceptores, sendo a cidade que mais tarda en facer chegar os expedientes á Xunta de Galicia, case 5 meses, o que fai que os perceptores vigueses teñan que esperar ata sete meses para obtela prestación.

Esta insostible situación deriva claramente da situación de precariedade do persoal de Servizo de Benestar Social denunciado no informe da Xefa de Área o cal é un verdadeiro escándalo e debería de avergoñar a calquera responsable político que teña un mínimo de sensibilidade social e de sentido da responsabilidade.

Estes feitos están a demostrar o pouco que lle importan ao goberno municipal os servizos sociais de calidade e atender ás persoas que máis o necesitan nesta cidade cando a súa prioridade está en vender unha imaxe dunha cidade ideal e un Vigo fermoso.

Neste senso é preciso lembrar que en Vigo seguen a producirse desafiuzamentos contra a promesa do Sr. Caballero, que o alcalde se nega a recibir ás persoas que levan xa case 200 días acampados na praza do rei demandando unha mellora dos servizos sociais e que o Concello de Vigo segue sen adherirse ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto instamos e ao abeiro do disposto no artigo 67 do Regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo, o grupo municipal SOLICITA:

A comparecencia ante o Pleno da Corporación da Concelleira delegada de Política Social, Dna. Isaura Ablelairas Rodríguez, co obxecto de dar explicacións en relación coa precariedade na xestión do departamento e na situación do persoal do departamento de Benestar Social denunciada polos propios funcionarios e respostar ás preguntas que a estes efectos se lle plantexen.”

DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Viva a democracia Sra. Silva. Para pedir axudas a unha administración hai que solicitalas e a min cónstame que este ano houbo axudas para asistentas sociais e Vigo non as solicitou e polo tanto hai que solicitar as axudas, iso o primeiro.

Paréceme increíble, eu podo aceptar que Vigo non sexa a máis pobre de España,

claro que o podo aceptar o que non podo aceptar e asegurar é que é a máis pobre de Galicia, iso si que o podo asegurar porque vostede tamén o asinou non é que o invente eu, é que vostede tamén o asinou, fíxese vostede, o 16 de marzo do 2018, as traballadoras sociais e asinado ademais por D^a Paz Fernández Fernández e D. Jesús Nuñez Torrón López e D^a Isaura Abelairas Rodríguez fan un informe dicindo que non chegan as asistentas sociais, neste momento nesta cidade temos unha asistente social para 24.000 persoas, cando hai que ter unha traballadora social cada 8.000 persoas, xa sei que contrataron unha antonte, xa o sei, pero xa sei como as contratan tamén, por iso nunca duran, contratamos á xente por acumulación de tarefas seis meses e a min fastídiame moito dicir que A Coruña funciona moito mellor que nós, fíxese vostede, tódolos que vostedes votan fora de aquí despois dos seis meses contrátanos en A Coruña tres anos indefinidos, tres anos, neste momento en Vigo hai 3.172 persoas coa RISGA, saben vostedes cantas hai en A Coruña? 1.400, saben vostedes canta xente teñen traballando en A Coruña? Un montón de persoas e logo claro sae o Sr. Alcalde dicindo que o cheque social en A Coruña non o dan, claro que non, para que o necesitan? Se teñen tódalas axudas solucionadas, se non hai persoas esperando un ano para que lle solucionen a RISGA, para que o solicitan? Para que lle dea 75 euros como da vostede? Como deu o ano pasado 75 euros, fíxense vostedes eu non me quería enfadar e dixen que ía falar en castelán pero eu en galego enfádome sempre, que lle imos facer.

Imos a ver, o tema das asistentas sociais é tan grave que é digno de ser denunciado, paréceme increíble que acaben de aceptar que se mandaron dunha partida a outra cartos para festas e que non se manden para pisos onde poidan vivir persoas que neste momento dende o 21 de febreiro, e téñeno vostede metido por rexistro, 600 pernoitas, están aí abaixo no Barrio do Cura, onde meten vostedes o 800.000 euros que dan ao Albergue porque esas 600 persoas que durmiron aí e que seguen durmindo estanas mantendo estes señores da acampada gracias as moedas que lle votan alí, danlle almorzo e comida, pregunto, en que meten os 800.000 euros, pregunto? Explíquenolo dunha vez, porque iso está sucedendo nesta cidade, como se poden mandar 200.000 euros para festas cando se ten a xente morrendo de asco nas rúas, o que ten que vir ao Pleno e explicar todo isto porque é increíble, o que sucede é que a política social nesta cidade non

sucede en ningún sitio de España, en ningún, de verdade que non.

Non podemos seguir así, sabe vostede cantos cartos mete A Coruña para 1.400 persoas? 5,2 millóns de euros, sabe metemos nós para tres mil e pico para os máis necesitados? 2 millóns de euros, ollo, que isto é terceiro mundista, e son persoas como vostede, exactamente igual que vostede e que min, que necesitan comer, durmir, apoio médico, que necesitan un lugar onde poder estar.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En primeiro termo imos referirnos en exclusiva ao acordo proposto polo grupo do Partido Popular. Entra dentro do perfectamente razoable a petición a unha concelleira do goberno para dar conta do seu servizo e responder ás preguntas de control do oposición, debería ser normalidade democrática en calquera institución do país, e polo tanto, imos votar a favor do acordo, agora ben o que pedimos dende a Marea de Vigo é non converter isto nun circo, onde mesturemos todo nunha batedeira que é o que fai o grupo do Partido Popular na súa exposición de motivos, por iso dende o noso grupo pedimos xuntanzas previas de traballo dos 3 grupos municipais, onde se organice e se delimite o ámbito da comparecencia, este grupo ten dúbidas, críticas e propostas no ámbito do servizos sociais na nosa cidade e o que non desexamos é perder o tempo nunha competición de lanzamento de barbaridades partidarias onde se mistura todo na busca de rendemento electoral. Este é un tema suficientemente serio como para que os tres grupos perdamos máis 18 minutos nunha comparecencia que se non é organizada non serviría para nada, aprobemos esta comparecencia, fallaría máis, e fagamos xa un calendario de xuntanzas coa concelleira para organizar este debate e pedir con toda normalidade a documentación que se considere necesaria porque na exposición de motivos o Partido Popular xa empeza con esa batedeira monumental, onde mestura as competencias de vivenda, iniciativas como o rexistro de vivenda valeira que non ten relación co acceso alternativa habitacional das persoas en situación de risco e declaracións grandilocuentes sen dúbida, do Alcalde. Máis no caso dos desaloxos na nosa cidade que son numerosos, os/as responsables están sentados na Xunta de Galicia e en Madrid, vostedes poñen o foco nunha das manifestacións máis extremas da exclusión social que é o desaloxo dunha persoa ou dun núcleo familiar da súa vivenda e esquecen interesadamente outras cousas, en primeiro lugar, os motivos que levan a ese desaloxo, é doado

falar só do evidente e tentar ocultar que o seu partido é culpable en gran medida do empobrecemento extremo da clase traballadora do país, a través de reformas laborais económicas que trouxeron miseria e morte e mentres que cunha man provocan miseria con outra, de repende nun exercicio e cinismo, elíxense defensores dos/as empobrecidos/as e esixen gastos a este Concello que son impropios, e ollo que este grupo está a favor de ante a ineficiencia, a desidia e o desprezo da Xunta de Galicia e do goberno central, o Concello actúe, este grupo presentou unha moción para a creación dun parque municipal de vivenda, onde denunciábamos que á marxe das competencias autonómicas en materia de vivenda os concellos, institución máis próxima á veciñanza, puxera o apoio legal suficiente que permita a creación de ferramentas para afrontar a conxuntura actual de crise habitacional, moción non apoiada polo Partido Socialista. Este grupo presentou unha moción para chegar á contía da RISGA ao índice Arope, xa que a contía miserable da RISGA de pouco máis de 400 euros, é evidente que é causa de desaloxos, moción que o Partido Popular non apoiou. Este grupo presentou a este Pleno unha moción para elaboración dun Plan contra a pobreza, onde se contemplaba xa a falla de traballadores/as sociais e xa denunciabamos daquela a responsabilidade desta realidade que é compartida entre as administracións, por unha banda froito das políticas de recortes que se levaron a cabo dende o goberno do Estado, a Lei de estabilidade orzamentaria fixo unha taxa de reposición do persoal da administración pública que incapacita ás entidades locais a cubrir tódalas prazas vacantes e necesarias a través da oferta pública de emprego, e por outra banda do Concello de Vigo por non cubrir polo menos parte delas a través de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, moción non apoiada polo Partido Socialista. En resumo, a favor da normalidade democrática dunha comparecencia e en contra absolutamente de que esa comparecencia sexa convertida nun circo que para variar non serve ás persoas empobrecidas e que ademais estamos comprobando xa “in situ” que vai ser así.

SRA. ABELARIAS RODRÍGUEZ: Vou intentar non enfadarme tanto como vostede porque iso é malo, falo do que me da a gaña.

Primeiro, non me vai oír a min insultar a ninguén que sexa receptor dunha axuda social, o meu respecto para todas esas persoas, non son como min nin como

vostede, eu son unha persoa moi afortunada e dou gracias, non somos todos iguais.

Agora voulle explicar un pouco o que fai a Xunta de Galicia, primeiro, datos da Xunta de Galicia, función 31 acción social e promoción social, período 2010-2018 recortes, 300 millóns de euros, sen executar só no período 2010-2017, 200 millóns de euros, non sei onde están, búsqúenos que ao mellor aparecen por aí, por algunha consellería ou nalgúns caixóns.

Vouullo explicar ben, collín a súa moción e debulleina un por un os puntos, primeiro punto fala vostede de que detraemos cartos dunha partida, que retiramos cartos dunha determinada partida para as persoas máis necesitadas, pero efectivamente para ingresar 150.000 euros noutra partida que son bastante máis, dentro dos necesitados incluso hai categorías, fíxese vostede por onde, pero a sensibilidade nosa vai por atender aos que máis o necesitan, nese caso para incrementar esa partida da que vostede fala.

Di que conxelamos convenios, AFAGA, Vida Digna, etc., miren, todos eses convenios tiñan que estar incluídos no Servizo Galego de Saúde, non tiña que estalos atendendo o Concello de Vigo, tiñan que estar incluídos no Servizo Galego de Saúde, que facemos nós asinando convenios con AFAGA, son persoas enfermas, estamos a falar de servizos sociais, que facemos nós poñendo cartos en CEDRO, Servizo Galego de Saúde, onde está a Xunta de Galicia? Dígame onde esta.

Pero o máis grave de todo, fala vostede deses investimentos en A Coruña, canto pon a Xunta de Galicia en A Coruña para a dependencia? Cantos cartos pon? 2,5 millóns de euros, cantos pon en Vigo? A mesma Xunta de Galicia que temos máis poboación que eles, 1.700.000 euros, por que? Explíqueme por que? Cal é o criterio? Por que Vigo ten 150 persoas esperando pola dependencia en grao 3, a única cidade de Galicia que non as ten atendidas, por que? Pregúntelle á Xunta de Galicia, agora vouullo explicar, a miña vida foi explicarlle ao que non sabe, pois agora aténdeme, os atrasos, as traballadoras sociais, verá, para os casos de persoas con RISGA o PNC, coñece perfectamente a Xunta de Galicia a súa situación ou non? Nós facemos un informe, mandámoslle á Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia aproba se ten dereito a esa percepción ou non, pois mire vostede en que nos entretén a Xunta de Galicia, nos piden un informe social para as persoas que teñen a RISGA ou PNC teñen dereito a unha bonificación no bono

eléctrico, no abastecemento e saneamento ou unha bonificación para becas escolares de 10 euros que é moito, e as nosas traballadoras sociais teñen que facer un informe social para algo que ten que facer a Xunta de Galicia é darlle a un botón e xa o ten aí, non pois pídenlle ese informe, aí están mareando a perdiz, iso significa o pouco respecto que a Xunta de Galicia e o Partido Popular ten cara as persoas máis desfavorecidas porque todo isto é consecuencia desas políticas sen corazón, desas políticas que inflaban todo o que tiñan que inflar, que se levaron os cartos non sei para onde e que obrigan a que as persoas que se xubilan, a que non haxa esa taxa de reposición e obrigan a iso vostedes, a Xunta de Galicia e o Partido Popular.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Vou falar en castelán para estar un pouco máis suave, imos a ver, señores de Marea de Vigo, sería raro que non falasen vostedes de España, despois falan vostedes de demagogia, sería raro eu estou a falar de Vigo, Sra. Abelairas, e é verdade que vostede adicou a súa vida a ensinar a nenos e eu adiquei a miña vida e esixirlle a políticos como vostede a que traballen por todos, tamén polos máis necesitados, non se equivoque vostede e eu non cobre por iso, non se esqueza diso, e levo toda a miña vida facendo iso exactamente igual que aquel señor que está alí que é dos primeiros presidentes da federación e que ten moito mérito, polo tanto, non confunda vostede o seu co meu, que non ten nada que ver, iso en segundo lugar. en terceiro, hai que saber pedir, hai que pedir, hai que solicitar, me importa un “bledo” o que faga a Xunta de Galicia, se a Xunta de Galicia non cumpre cómaos, preséntese alí con toda a xente, por que non renuncia o Sr. Alcalde á foto con AFAGA, co comedor social, por que non renunciades a iso? E lle decides á Xunta de Galicia que volo ceda? Por que? Se a Xunta de Galicia é a responsable, ti sabes que que non é a responsable, ti sabes que para darlle o convenio a AFAGA o 90% dácho a Xunta de Galicia, ti sábelo perfectamente, que dáche 40 millóns de euros a Xunta de Galicia para esta cidade en xeral, non estou a falar dos máis necesitados, en xeral, ou sexa que mentiras as xustas, estou a falar en xeral non estou a falar para os máis necesitados.

Verá vostede, o outro día vostede pediu que se me votara porque mentira coas mortes, lémbrese? Pois voulle dicir, xa o sabía aquel día o señor que morrera, pero voulle dicir agora, fíxese vostede, no mes de xaneiro morreron 7 persoas pero eu

aquel día falei de 4, primeiro o que morreu no caixeiro de García Barbón, segundo, o que morreu no albergue, terceiro, o que morreu na gasoleneira que foi levado ao hospital, e cuarto que é o que vostede parece que descoñece é o Sr. Ricardo Cameselle Misa, que naceu ao 7 de xullo de 1967 e que morreu nun choupano de Lavadores, agora vanme escoitar a min, que van a facer cando tapien o Barrio do Cura? Onde van a ir as persoas que están pernoitando aí, onde van a ir? Ten vostede un proxecto?

Ao señor do Marea de Vigo teño que dicirlle que os primeiros que pedimos falar dun proxecto nesta cidade fomos nós señor de Marea de Vigo, pedimos falar entre todos dun proxecto, dunha comisión onde estivéramos tódolos axentes sociais falando para ter un proxecto de cidade, cousa que vostede non teñen e non lles interesa.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 1.09.2017 (Rex. Nº 1613/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(106).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A REUNIRSE COS VECIÑOS DE TORRECEDEIRA PARA ESCOITAR AS SÚAS DEMANDAS, ASÍ COMO A ABRIR OUTRO ALBERGUE NA CIDADE ANTE A SATURACIÓN DO EXISTENTE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1790/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xuño de 2018, número 1790/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A situación que está a vivir o barrio de Torrecedeira é froito da negligencia dun goberno municipal que leva máis dunha década mirando para outro lado. So así se pode entender que unha das zoas máis céntricas de Vigo se atope como se atopa nestes intres: sen seguridade, sen iluminación, sen a adecuada salubridade, e mesmo sen aparcamento.

Un abandono que derivou, fai poucas datas, nunha manifestación á que se sumaron máis de 1.000 veciños e todo o comercio do barrio para facerse oír dunha vez.

Ante isto, chama poderosamente a atención que todo o que teña feito o alcalde ata o de agora sexa incrementar a presenza policial na zona. Un reforzo que só significa dúas cousas: a constatación do fracaso político do goberno –alá onde non alcanzan os políticos alcanza a policía-; e a multiplicación das multas de tráfico nun barrio no que por non haber non aí nin un aparcamento municipal.

Neste sentido, cómpre lembrar que os propios veciños presentaron unha alternativa de aparcamento na zona de Marqués de Valterra pola que levan un ano esperando algún tipo de resposta por parte do executivo municipal, nunha mostra máis da absoluta inacción deste goberno.

Non en van, o alcalde e o seu equipo levan anos sen facer nada no entorno de Torrecedeira, e todo o que se lles ocorreu agora e anunciar unha serie de medidas improvisadas sen escoitar aos veciños.

De feito, se escoitasen, saberían que unha das principais preocupacións da veciñanza é o albergue municipal, saturado e sen capacidade de resposta para todos as persoas que, por desgraza, pasan necesidade no Vigo actual. Persoas que, en moitos casos, acaban durmindo na rúa, no antigo asilo ou noutro tipo de estruturas abandonadas mentres o alcalde mira para outro lado.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da

Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao alcalde de Vigo a reunirse con veciños de Torrecedeira para escoitar as súas demandas
- Instar ao goberno municipal a abrir outro albergue na cidade ante a actual saturación do existente.
- Instar ao goberno municipal a dar conta das actuacións levadas a cabo pola concesionaria Cruz Roja Española no albergue.
- Instar ao goberno municipal a garantir a seguridade dos veciños e comerciantes de Torrecedeira
- Instar ao goberno municipal a habilitar un espazo de aparcamento no entorno de Torrecedeira, tal e como veñen demandando os veciños desde fai anos.
- Instar ao goberno municipal a garantir o peche dos inmobles abandonados no contorno do albergue para evitar que sigan sendo un foco de inseguridade.
- Instar ao goberno municipal a elaborar un plan especial de apoio ao comercio desta zona."

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Presentamos esta moción porque nos parece extraordinariamente importante falar dunha situación que se está a vivir en Vigo e que están vivindo moitos vigueses, os veciños/as da rúa Torrecedeira, vexo que o Sr. Alcalde unha vez máis non lle interesa a situación que están vivindo os veciños da rúa Torrecedeira porque abandona o Pleno, lamentable, unha mostra máis do interese que ten o Sr. Alcalde cando hai un problema na cidade, un problema real que están a vivir vigueses/as e do que temos que falar tamén neste Pleno, porque hai que estar no Pleno para escoitar e para decatarse dos problemas dos cidadáns porque claro o fácil é estar presumindo de escobas de pratino, estar presumindo e regalarnos titulares de prensa, moitas fotos, moitos anuncios baleiros de contido, iso é fácil e iso é ao que a vostedes se lles da ben, iso é marca da casa, xa estamos acostumados a iso, levamos once anos vivíndoo, pero como vemos cando aparece un problema real que teñen os veciños que viven día a día, entón nese momento se esconden, nin están nin se lles coñece. Levan vostedes gobernando 11 anos e son vostedes os responsables do absoluto deterioro que sofreu a rúa Torrecedeira e da situación que a día de hoxe absolutamente crítica están a vivir tódolos veciños, negligencia absoluta, mirar cara outro lado cando os problemas se

ían incrementando, non tomar ningunha medida, ningunha e deixar que a situación se deteriorara cada día máis, ata levar á desesperación aos veciños de Torrecedeira que se tiveron que botar a rúa para defender a súa calidade de vida, para defender o seu día a día e dende logo para reclamar medidas extraordinarias e urxentes, e que se atopan eses veciños cando saen a rúa? Atópanse con que non lles escoitan, acabamos de ver como o Alcalde deu unha nova mostra abandonando o Pleno cando debatemos unha moción tan importante. Como dicía veciños desesperados que queren unha solución pero a solución non é mandarlle a Policía Local para multar, esa non é a solución, a solución é acometer realmente os problemas e tomar decisións para resolver os problemas, non mandar á Policía Local e obrigarlle a estar poñendo multas de tráfico todo o día, non, por suposto que necesitan unha garantía de seguridade porque non a teñen, porque lles rouban, porque lles atemorizan, pero a Policía Local está para dar esa garantía de seguridade e vostedes a mandar para poñer multas de tráfico, esa é a realidade; e a realidade é que vostedes seguen negando o problema e seguen sacando coellos da chistera como agora, outra vez, e levamos así 11 anos co Barrio do Cura, agora resulta que van solucionar o Barrio do Cura, exemplo perfecto do seu desastre no urbanismo e na política social, o Barrio do Cura, todo o que mire ao Barrio do Cura ve o exemplo perfecto do que é este goberno en política social e en urbanismo, un desastre, agora parece que van facer unha modificación puntual, pois xa se podían ter posto hai moito tempo a facer esa modificación puntual e ter o problema resolto, a realidade é que a solución pasa primeiro por escoitar aos veciños, por sentarse con eles e por ver exactamente cales son as súas demandas, a realidade pasa por darse conta e recoñecer que temos un problema en Vigo, un problema social importante, xa vimos o que lles importa, negáronse a que compareza a concelleira de Política Social e poder falar claramente e sen tempo da situación de política social nesta cidade, pasa por que fai falla albergue, fai falla máis albergues nesta cidade porque claro pero para vostedes recoñecer que fan falla máis albergues teñen que recoñecer que temos un problema de pobreza, e como para vostedes non hai desafuizamentos, non hai pobreza, nin ninguén pasa por dificultades para chegar a fin de mes, nin se contempla abrir outro albergue, a solución pasa por vixiar e facer cumprir as normas do albergue actual en Marqués de Valterra, de que Cruz Roja cumpra co contrato que asinou, que non o está a

facer, a solución pasa por organizar de un modo efectivo a seguridade dos veciños, por colaborar cos comerciantes de Torrecedeira e axudalos porque son auténticos superviventes coa situación que están a vivir día a día, a solución pasa por habilitar espazos de aparcadoiros que a día de hoxe son inexistentes na rúa Torrecedeira, a solución pasa por tapiar os inmobles abandonados e evitar que sexan un foco de trapicheos e un foco de inseguridade cidadá, a solución en definitiva pasa por tomar medidas, non facer roldas de prensa o Sr. Regades, presumindo de millóns sen tomar nin unha soa medida real, esa é realidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Falábamos na moción anterior de batedora e aí seguimos, decidiron vostedes meter nunha soa moción temas do máis diverso, algúns estamos de acordo outros hai matices e outros son rexeitables dende a nosa política, adiántolles que imos pedir a votación por puntos e un pequeno engadido nun deles, así que imos ir punto por punto dos acordos que vostedes propoñen. Instar ao Alcalde a ter unha xuntanza cos veciños/as de Torrecedeira, non estamos en contra, máis foron vostedes moi pouco rigorosos a mediación e o traballo real neste tema é imprescindible e o necesario non é unha xuntanza co Alcalde, que tamén, senón a constitución dunha mesa de diálogo onde estean representantes da veciñanza, en representación do comercio, representantes da AMPAS, Cruz Vermella, goberno e representantes tamén e fallaría máis, das persoas empobrecidas que tamén son residentes; isto ademais é parte substancial da Lei de servizos sociais de Galicia, onde se expresa nos obxectivos comunitarios básicos, competencia do Concello, o fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socio-educativas, sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade, cunha xuntaza co Alcalde sen máis, as veciñas/os residentes en Torrecedeira non verán solucionados os seus problemas.

Instar ao goberno municipal a abrir outro albergue, nós preguntamos, están aproveitados os recursos existentes? Nós dicimos que non, o necesario, prioritario e áxil é en primeiro termo a apertura urxente do novo Albergue Dignidade na rúa Toledo, o problema da accesibilidade que nos transmiten que é a causa do atraso é unha vergoña, non máis dunha semana debería levar solucionado, e algo ten que ver a Xunta de Galicia con ese atraso.

Ao mesmo tempo iniciar os trámites para unha ampliación entre 10-15 prazas no

albergue actual, hai espazo no edificio e terá que ser aproveitado para o seu obxectivo, que o goberno local sente xa a negociar o espazo que non está usando para obxectivos sociais, non parece un problema que non poida ter solución, e por suposto, unha boa coordinación co Albergue de Teis, tendo en conta a tipoloxía dos diferentes usuarios, non é tan sinxelo como asinar un convenio económico, son precisas máis accións, pero a pesares diso as accións que teñen que ter en conta, por exemplo, as dificultades de mobilidade das persoas empobrecidas, son moitos máis áxiles que unha nova construción, que por certo antes de levala a cabo o que habería que facer é un estudio de diagnóstico social da comunidade que implicaría a detección e análise de necesidade, esa identificación de grupos de poboación vulnerables e a elaboración dun plan de intervención tal e como se ve reflectido na propia Lei de servizos sociais, na parte de servizos comunitarios básicos.

Instar ao goberno local a dar conta das actuacións levadas a cabo pola concesionaria, estamos de acordo, hai que avaliar o traballo de equipo de rúa, coñecer ata onde chega e saber se son precisos máis medios para este equipo, as actuacións na rúa de CEDRO, por exemplo, no seu momento foron exemplares, traballouse con persoas residentes e con usuarios/as e conseguíuse en gran medida un nivel de conflictividade practicamente inexistente, a elaboración dos Plans de Intervención, como dicía antes é outro dos obxectivos básicos da lei, quen nos dera que se cumprise na súa totalidade porque sería un avance bastante importante.

Instar ao goberno municipal a garantir a seguridade da veciñanza e comerciantes de Torrecedeira, a ver, de Torrecedeira e de toda a cidade, unha policía de barrio próxima á veciñanza e ben formada na resolución de conflitos sería positiva para toda a cidade, agora ben, aquí é onde nós propoñemos un engadido para que este punto concreto quede da seguinte maneira, instar ao goberno municipal a garantir a seguridade da veciñanza, comerciantes e persoas empobrecidas usuarias do Albergue.

As solucións aos problemas de convivencia non pasan por solucións policiais, iso é tapar o problema ou trasladalo a outras zonas, ou se establece a mesa de diálogo do que falabamos antes en cumprimento da Lei de servizos sociais ou isto irá a máis. Ten o seu aquel, que precisamente vostede na exposición de motivos desta moción metan a frase “chama a atención que todo o que teña feito o Alcalde ata o

de agora sexa incrementar a presenza policial na zona, un reforzo que só significa dúas cousas, a constatación do fracaso político do goberno, alá onde non chegan os políticos chega a Policía e multiplicación das multas de tráfico”, poden ter vostedes razón no das multas pero bo, iso de “onde non chegan os políticos chega a Policía”, en fin, non imos tirar máis dese fío porque non é motivo da moción.

Instar ao goberno municipal a habilitar un espazo municipal no entorno de Torrecedeira, en fin, o que moito abarca pouco aperta, se se acepta a votación por puntos apoiaremos este por pouca relación que teña co resto da moción, non cabe dúbida de que é importante para a habitabilidade do barrio.

Instar ao goberno municipal ao peche dos inmobles abandonados na contorna do albergue, a dereita vai ensinando a “patita”, para comezar a responsabilidade deses edificios é dos propietarios, en todo caso habería que comezar a empregar ao goberno a facer cumprir aos propietarios a Lei do solo e rehabilitación urbana e a ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, pero claro como son na súa grande parte propiedade de empresas, moito mellor dirixir o foco sobre persoas empobrecidas.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz seguimos no discurso catastrofista e calquera que a escoite non se corresponde a realidade con este discurso catastrofista que fai vostede, lle garanto que ao Alcalde si lle preocupa a situación de Torrecedeira, preocúpalle tódalas situacións da cidade e está atento a elas de forma permanente.

O primeiro punto, di de reunirse, pero claro que nos reunimos, permanentemente, onte o Alcalde estaba na zona na entrega de diplomas EPA, o outro día a concelleira de Seguridade e o Alcalde tamén estaban coa directora de Picacho, o meu compañeiro o Sr. Rivas esta permanentemente cos comerciantes e cos empresarios, a concelleira de Benestar Social tamén está en permanente contacto cos colectivos, polo tanto, estamos a falar dun diálogo permanente, sabe o que pasa que os que non están en diálogo permanente cos cidadás son vostedes, vostedes van buscando a política de foto en conflito, e saltan de Gran Vía a Coruxo, cando levan mes e medio e agora saltaron a Torrecedeira, vostedes non estiveron en Torrecedeira, vostedes non se preocuparon polos problemas de Torrecedeira, vostedes non teñen en conta que Torrecedeira estaba abandonada,

como herdanza que recibiu este goberno, sen ter feito nada durante moitos anos e se tivera 10 minutos lle relataría todo o que fixemos na zona de Torrecedeira pero como vostede todo o resolve coas risas, pois me parece que non me vai atender.

Mira, somos conscientes da realidade e cando hai determinadas situacións se toman determinadas medidas, e tomáronse determinadas medidas e o sentido común di perfectamente que hai que avaliar esas medidas, que hai deixalas repousar e que hai que deixar actuar e entón este tema de mesturar a Policía Local, de mesturar multas, porque cando fala de outro albergue a que se refire? A que ten que facer a Xunta de Galicia un albergue nesta cidade? Se refire a iso porque eu iso de instar ao goberno municipal a facer outro albergue, mire, Sra. Muñoz é unha irresponsabilidade tremenda crear un conflito en relación cun servizo como o que se está prestando nesa zona, e vostede ten moita responsabilidade con respecto a isto e ademais é que é unha paradoxal esta moción porque fala de seguridade, céntrao todo ou unha boa parte da moción en seguridade, téñolle que lembrar a vostede Sra. Muñoz que a competencia de seguridade é do Estado, téñolle que lembrar a vostedes que tería que ser a subdelegada do goberno a que tería que ter actuado, que fixo a Policía Nacional e que fixo a Subdelegada de Goberno en relación cos veciños nesa zona? Porque á Policía Local lle compete o que lle compete pero nada máis, entón ter que lembrarlle a vostede a seguridade que é unha competencia do estado resulta certamente paradoxal aquí.

Mire, a Policía Local está a actuar na función que lle corresponde, está a actuar na función de apoio aos veciños e se está notando máis cos coidadores de barrio certamente o que estamos a actuar nesa zona, o que pasa é que a realidade é moi sinxela, chega a falar e comentábao o concelleiro de Marea, de inmobles abandonados, pero si foi a herdanza que recibimos de vostedes, polo tanto, eu creo que hai que falar de todo isto en positivo, e hai que falar en positivo porque temos presenza policial non sendo competencia exclusiva e ben que se está deixando notar en beneficio dos cidadáns, estamos con coidadores de barrio permanentemente alí e estamos e voulle relatar unha serie de actuacións que tivemos ao longo de todos estes anos nese ámbito como é unha remodelación do parque Camilo José Cela, moi importante por case tres millóns de euros que haberá un segundo elevador, estamos a facer unha humanización da rúa Marqués de

Valterra, estamos actuando no saneamento, estamos actuando no alumeado e estamos actuando no mobiliario urbano aparte doutras cuestións, polo tanto, estamos actuando como sempre, cando na cidade hai un problema e cando hai que actuar sobre unha zona determinada nós nos preocupamos e o peor de todo, Sra. Muñoz, é que vostede sabe interiormente que estamos actuando, que este tema vaise resolver e que o único que pretende facer é política partidista.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Font, vostede sempre ten o mesmo argumentario, todo é marabilloso, non hai ningún problema, vivimos nunha cidade na que non hai ningún problema, todo é unha invención do Partido Popular, pois mire non Sr. Font, coa súa intervención está a insultar vostede aos mil veciños que se votaron á rúa, non foi o Partido o que se votou á rúa, mil veciños da rúa Torrecedeira que se votaron a rúa esixindo o que vostedes non queren facer, desesperados, que veña vostede aquí a dicirnos que non hai ningún problema na rúa Torrecedeira é vergoñento, claro, vostedes están moito na rúa Torrecedeira e lles escoitan moito, pois vostedes estarán na rúa Torrecedeira chegarán ao sitio no seu coche oficial, baixaranse irán ao punto, volveranse meter no coche oficial e vanse, esa é exactamente a súa presenza na rúa Torrecedeira, invítolles a que paseen pola rúa Torrecedeira, que collan aos veciños e que dean un paseo pola rúa Torrecedeira e vexan a sucidade da rúa e vexan a desesperación dos comerciantes e falen coas caixeiros dos supermercados da rúa Torrecedeira que están literalmente aterrorizadas, Sr. Font, esa é a realidade, pero vostedes queren negar a realidade, vostedes teñen que darse un baño do que están a pasar moitos veciños/as, o único que lles interesa é tapar os problemas, por iso non está dando a cara o Alcalde de Vigo, por iso non está aquí dando a cara porque non se atreve porque se lle tería que caer a cara de vergoña, hai unha solicitude dos veciños dende hai meses para ter unha reunión con eles e non se sentaron con eles, é realmente vergoñento, non tomaron vostedes ningunha medida, non nos faga outra vez exhibición de millóns, pero non lles da vergoña? No lles da vergoña mandar á Policía Local única e exclusivamente para poñer multas de tráfico, non lle da vergoña? Sinceramente, o que están a pedir os veciños é seguridade, o que están a pedir é seguridade non que fagan caixa a costa dos veciños de Torrecedeira porque vostedes todo o resumen en facer caixa porque a vostedes o único que lles importa é cobrar,

porque eses veciños pagan a taxa de lixo máis alta de Galicia, e teñen porcallada na rúa Torrecedeira, teñen porcallada porque pagan impostos máis altos tanto como calquera outro vigués e viven nunha zona degradada, e teñen medo tamén, e por suposto que estamos a favor de protexer e axudar ás persoas que o necesitan, por certo, se vostedes foran alí verían tamén o extraordinario exercicio de xenerosidade que teñen os veciños da rúa Torrecedeira con tódalas persoas necesitadas que van ao albergue e que van ao comedor social, como lles están axudando día a día dando un exemplo de convivencia cos que máis o necesitan, insisto, léase ben a moción, léanse as propostas que poñemos enriba da mesa e deixen de dicir non a todo porque si, non pasa nada por recoñecer un problema, hai que solucionalo e hai que pensar nos veciños.

PRESIDENCIA: Pasamos a ditaminar a moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Simplemente quedoume sen dicir que dicir que aceptamos a votación por puntos que pide a Marea de Vigo porque nós sempre aceptamos a votación por puntos porque nos abrimos á democracia.

PRESIDENCIA: Imos consultar á secretaria se se pode votar de forma separada.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Tamén aceptamos o engadido que propón Marea de Vigo, por suposto que esta moción non é en contra das persoas que están pasando necesidade, senón todo ao contraio, a favor delas.

PRESIDENCIA: Aceptamos a votación por separado, imos proceder a ditaminar a moción.

PRESIDENCIA: Como queren separar a votación?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Tódolos puntos por separado.

SECRETARIA: Votación por separado.

PRESIDENCIA: Pero como se vai votar isto por separado?

PRESIDENCIA: Señores concelleiros/as do Pleno do Concello de Vigo, Boletín Oficial de 15 de xuño do ano 2016, onde se regula no artigo 59 a votación, como me pasa a secretaria imos a clarexar para que quede constancia para tódolos grupos como imos proceder na votación segundo o Regulamento publicado no Boletín Oficial da Provincia. “Punto primeiro, non se votarán as emendas que non sexan aceptadas polo membro do goberno que houbera exposto ou xustificado a proposta. Punto segundo, concluído o debate, momento procesal no que estamos, o debate e a Presidencia fixará os termos do acordo a adoptar e someterase o asunto á votación, no suposto de que se tiveran presentado e defendido votos particulares, estes votos se ditaminarán en primeiro lugar, e se houberan aceptado as emendas, estas votaranse a continuación”, co cal o que me di a secretaria que é procedente neste caso é se acepta a emenda, votala, pero o acordo ten que votarse de forma conxunta segundo o Regulamento deste Pleno, isto é o que di a secretaria do Pleno e isto é o que manifesta o Presidente que como lle lía, no artigo 59.2 é o que ten que fixar os termos do acordo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Unha cuestión de orde, gustaríame que quedase na acta de hoxe o que di a secretaria en, voz da secretaria, porque vostede leu o Regulamento, e o que leu para nada contradi que isto se poida votar por punto, eu levo once anos aquí de concelleiro e vostede un pouco menos e debatemos e votamos por puntos sempre que o grupo propoñente o acepte, nós estamos de acordo en que iso sexa así, se vostedes queren votar a todo que non, pois voten que non, se queren un receso de 5 minutos para decidir e no Regulamento do Pleno ven, se queren paramos o Pleno 5 minutos e o valoramos.

PRESIDENCIA: O Presidente xa se manifestou co cal pasamos primeiro a aceptar a emenda que propoñía o grupo Marea de Vigo, votos a favor da emenda proposta unha vez aceptada, como di o regulamento, pasamos a ditaminala.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Pero eu lle pediría á secretaria do Pleno que nos diga que impedimento hai para non votar por puntos esta moción? Porque votouse toda a

vida, vótase no Senado así, no Parlamento, en tódolos concellos de España si, por que en Vigo non se pode votar así por puntos? Que problema hai en Vigo que non se pode votar por puntos? Se ten que consultarlle ao Alcalde, facemos un receso de 5 minutos.

PRESIDENCIA: Clarexado coa secretaría deste Pleno a actuación que hai que facer, vai quedar en acta tódalas propostas que fai o señor concelleiro do Partido Popular, pasamos a ditaminar como dicíamos en primeiro lugar a emenda presentada.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vigo é diferente entón, e non deixa falar á secretaria, todo se pega Sr. Regades.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enriquez, presenta emenda “in voce” de engádeda nun dos puntos do acordo:

“Instar ao goberno municipal a garantir a seguridade dos veciños, comerciantes de Torrecederia e persoas empobrecidas usuarias do Albergue”

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda pola relatora da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a Presidencia somete a votación a moción coa incorporación da emenda.

(Preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do titular)

VOTACIÓN DA MOCIÓN COA EMENDA: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas

González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.06.2018 (Rex. Nº 1790/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo, coa incorporación da emenda “in voce” do Sr. Jácome Enriquez.

Explicación de voto do Sr. Jácome Enriquez:

Gustárame que quedara reflectido na acta que a abstención do grupo de Marea de Vigo ven motivada pola imposibilidade da votación por puntos e que presentaremos escritos ao respecto.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

11(107).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO RELATIVO AO IDIOMA EN QUE SE PRESENTAN AS DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS NO PLENO.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Este rogo é con respecto ao desenvolvemento deste Pleno, pregámoslle ao grupo do goberno que cando eleve unha declaración institucional ao Pleno como mínimo o documento que se entregue aos compoñentes da Corporación sexa en galego, por favor, e que por respecto ás persoas que acoden ao Pleno que se faga unha lectura pública do seu contido.

PRESIDENCIA: Queda reflectido o seu rogo.

12(108).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN RELATIVO Á AMPLIACIÓN DO HORARIO DOS SOCORRISTAS DAS PRAIAS DE VIGO.

SR. GAGO BUGARÍN: Farei referencia aos dous rogos que nos compete como grupo municipal, o primeiro deles e rogar a ampliación do horario dos socorristas das praias, sobre todo das que teñen bandeira azul no meses de xullo e agosto, polo menos media hora, porque entendemos e todo o mundo o pode comprobar que segue habendo moitos bañistas en xullo e agosto posterior as oito da tarde, polo tanto, cremos que isto é unha cuestión importante porque calquera día pode haber un problema e nos levaremos as mans á cabeza.

13(109).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN RELATIVO Á EMISIÓN DOS PLENOS DA CORPORACIÓN.

SR. GAGO BUGARÍN: O segundo rogo é en relación a como xa falamos en diferentes ocasións e vexo que a Sra. Silva volve a falar do tema, nós volvemos a rogar ao Concello de Vigo, ao Alcalde de Vigo que por unha cuestión de transparencia e democracia se poidan emitir en directo os Plenos, porque non temos porque obrigarlle no ano 2018 aos cidadáns a que vexan os Plenos cortados e nunha hora determinada, senón que o coherente é que o poidan ver en directo e en “streaming” como pasa en tódalas corporacións municipais de grandes cidades e como pasa na institución que ela preside. Polo tanto lle esiximos e lle rogamos que se poidan emitir os Plenos en directo.

PRESIDENCIA: Queda reflectido o seu rogo, eu creo que non entendeu o que lle explicaba a Sra. Silva, o que lle explicaba é que as prácticas que se facían hoxe nesta sala, eran prácticas que a moitos nos lembraban outros momentos e non democráticos que viviu a historia europea, feito o rogo e contestado pasamos ao punto 12.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14(110).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA RELATIVO AO MOSTRARIO DOS TRAXES DE BOMBEIROS.

SR. PÉREZ CORREA: Queríamos saber por escrito cal é o motivo de que no proceso de tallase que se está a facer previo ao subministro de EPIs, e traxes de bombeiros, se estea a facer cun mostrario incompleto remitido pola única empresa concursante sen a presenza dun xastre ou especialista que mida e anote as tallases de xeito individual, cousa que figura no concurso e que está a xerar un profundo mal estar no conxunto dos bombeiros porque non está a cumprir xa de inicio o prego nesta cuestión.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

15(111).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS RELATIVO ÁS MULTAS IMPOSTAS AOS COCHES APARCADOS EN TORRECEDEIRA.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Quería preguntar por que o Alcalde envía á Policía Local a rúa Torrecedeira porque agora mesmo se lle está multando aos coches que están correctamente aparcados só por estar en contra dirección.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

once horas e trinta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.